UNIVERSIDADE DA CORUÑA

TRABALLO DE FIN DE GRAO

Escola de Igualdade: Proxecto de formación en igualdade de xénero para o monitorado de “Noites Abertas”

Escuela de Igualdad: Proyecto de formación en igualdad de género para el monitorado de “Noites Abertas”

School equality: Instructor Training project on gender equality for the Evening Programme "Noites Abertas".

Grao en Educación Social
Ano 2016

Índice

Contido

1.- Introducción 1

2.- Xustificación e finalidade. 2

3.- Aproximación a realidade. 4

3.1.- Xuventude e ocio 4

3.1.1.- O ocio e a súa pedagoxía. 4

3.1.2.- Xuventude e as súas características 6

3.1.3.- O modelo hexemónico de ocio actual. 8

3.1.4.-Como intervir na xuventude a través do ocio. 8

3.2.- Xénero e ocio 10

3.2.1.- Marco Lexislativo 11

3.2.2.- Discriminación xénero no ocio. 16

4.-Deseño do proxecto de formación. 20

4.1.- Presentación da intervención 22

4.2.- Obxectivos xerais do proxecto de formación. 23

4.3.- Programa no que se enclava a intervención: Análise "Noites Abertas". 24

4.4.- Persoas destinatarias da intervención. 27

4.5.- Metodoloxía 30

4.6.- Actividades. 32

4.6.1.- Calendario das actividades previsto. 32

4.6.2.- Desenvolvemento das actividades. 34

- **Xornada 1** 34
- **Xornada 2** 38
- **Xornada 3** 43

4.7.- Avaliación. 46

5.- Conclusións 48

6.-Bibliografía 50

7.- Anexos

1.- Introducción

O presente proxecto "Escola de Igualdade" enmarcase no contexto do programa de ocio xuvenil "Noites Abertas". Noites Abertas é un programa de ocio alternativo pertencente a concellaría de Xuventude do Concello de Pontevedra e este é subvencionado na súa meirande parte polo Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade. Esta subvención concedese ao municipio de Pontevedra para desenvolver un programa que loite contra as drogodependencias como obxectivo principal, aínda que como xa analizarei mais adiante desenvolverá outro tipos de accións vinculadas a promoción da igualdade.

O meu interese en desenvolver este proxecto chamado "Escola de Igualdade" é o de brindarlle a "Noites Abertas" unha dimensión que vele pola promoción das medidas de non discriminación por razón de sexo. Esta dimensión ten como obxectivo final acadar unha plena igualdade de xénero no programa de ocio municipal, garantindo así a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes a través do empoderamento, a participación social e a educación na igualdade.

Este proxecto constará entón dun análise da realidade da xuventude, do ocio e as mulleres neste eido. Tamén analizara a lexislación vixente a cal dotará dunha validez teórica as diversas accións que se van a levar a cabo e as lexitimara. Ademais disto o proxecto consta con unha concretización dos seus obxectivos, unha metodoloxía adecuada para abordar esta problemática da forma mais eficaz e unha proposta de diferentes actividades a levar a cabo que permitan modificar as condutas, os patróns e os estereotipos sexistas do monitorado de Noites Abertas. Para rematar realizarase unha avaliación

Podemos dicir entón que este traballo de fin de grado busca ampliar a dimensión de igualdade do programa de ocio municipal superando as medidas de acción positiva xa incluídas con anterioridade no programa e incorporando a consecución dun proxecto socieducativo especifico que loite contra as desigualdades de xénero a través da formación do monitorado do programa, transformando así a este colectivo nun axente educativo posicionado a prol da igualdade.

2.- Xustificación e finalidade.

Facendo unha tarefa de análise dos factores que leváronme a escoller este traballo de fin de grao, decateime de que estes non se limitan a unha mera elección no ultimo ano de carreira, se non que veñen dende moitos anos atrás.

Dende que comecei o grado en Educación Social sempre tiven un gran interese en coñecer como as institucións publicas preocupábanse polos seus cidadáns e trataban de artellar diferentes políticas coa finalidade de mellorar as nosas vidas. O motivo que espertou o meu interese por este tema, quizás foi produto da educación que recibín, que sempre foi orientada a consecución dunha cidadanía critica e activa. O que ademais permitiume ter moi en conta a importancia dos servizos públicos e da responsabilidade de beneficiarse de eles.

A primeira vez que escotei sobre ó programa de ocio "Noites Abertas" programa, onde se enclava a miña intervención, foi a través duns amigos da miña idade (daquela tería aproximadamente dezaseis anos) que participaban como monitores, impartindo actividades no programa. Isto espertou en min un total interese, xa que este programa estaba a ofertar numerosas actividades moi diversas e divertidas, pronto convertinme en participante deste programa e comecei a asistir.

Isto non quedou aquí, despois de participar como usuario tamén tiven a oportunidade, de realizar o meu Practicum II e coñecer dende todavia mais cerca este programa de ocio. A estancia de practicas permitiume decatarme de que os mesmos patróns sexistas fomentados polo patriarcado que están presentes na sociedade actual e que levan a discriminación das mulleres, estanse a reproducir no programa "Noites Abertas".

Este feito prodúcese no programa xa que como todos e todas sabemos, vivimos nunha realidade inxusta, que discrimina as mulleres polo mero feito de selo, unha realidade que as obstaculiza na vida social e as priva de numerosos ámbitos da vida, unha realidade que chega ata empregar a violencia contra elas. O programa de ocio alternativo do Concello de Pontevedra non vive alleo a esta realidade, polo que as mesmas problemáticas que se dan na sociedade afecta directamente e dunha forma estrutural ao programa de ocio.

Decateime entón de que a sociedade está a condicionar o goce das actividades ofertadas no programa ao colectivo especifico das mulleres.

Igual que na sociedade, en Noites Abertas existen actividades denominadas "masculinizadas" e "feminizadas", é dicir actividades que teñen unha maior participación de homes ou de mulleres respectivamente.

No gráfico 1 e 2 pode verse claramente esta situación. Nestes gráficos representase a participación dividida por sexos nas actividades de "Noites Abertas" onde existen unha maior desigualdade entre os dous sexos. Estes datos de participación poñen de manifesto a clara discriminación existente que esta promovida totalmente polos estereotipos de xénero e os roles tradicionais asentados sobre o sexo das persoas.



Gráfico 1.- Participación nas actividades dividida por sexos. Fonte: Datos facilitados por "Noites Abertas 2015"



Gráfico 2.- Participación nas actividades por sexos. Fonte: Datos facilitados por "Noites Abertas 2015"

Estes datos presentados anteriormente veñen a reafirman que os estereotipos de xénero están a limitar que as persoas participantes en que elixan as actividades dunha forma libre, xa

que o fan dunha forma condicionada, dependendo do seu sexo e as construcións tradicionais que o xénero distribúe.

Tras darme conta desta situación cando realizaba as miñas practicas neste programa, decidín que o meu proxecto de fin de grao trataría de solucionar este problema mediante o meu ámbito preferido da educación social, e dicir a educación no ocio e no tempo libre.

Por esta mesma razón decidín realizar o deseño de unha intervención dentro "Noites Abertas" que ten como finalidade promover a igualdade entre mulleres e homes nas actividades a través do colectivo do monitorado do programa. Escollín realizar esta intervención co monitorado xa que me pareceu unha forma intelixente de ter repercusións na poboación participante. Que este colectivo teña formación en igualdade e a promova, vai ser clave para garantir que na súa actividade a impartir dentro de Noites Abertas non se produzan discriminacións, e si estas se chegan a producir, van ter a capacidade de corrixilas. Por iso nesta intervención tratarase de dotarlles dunha perspectiva de xénero e das ferramentas oportunas para loitar contra a discriminación nas súas actividades.

3.- Aproximación a realidade.

Este apartado ten como finalidade facer unha contextualización sobre o concepto de xuventude e o de ocio así como a importancia do xénero nestes dous ámbitos. Este apartado ten unha gran importancia no proxecto xa que vainos permitir coñecer a realidade que vamos a abordar mais tarde, proporcionáranos así as claves para descifrar o modo de intervir da mellor forma posible a través dunhas actividades formativas cara este colectivo.

3.1.- Xuventude e ocio

3.1.1.- O ocio e a súa pedagoxía.

"O ocio é un factor clave no desenvolvemento humano, unha experiencia libre, satisfactoria e con un fin en si mesma, o que significa ser voluntaria e separada da realidade como necesidade primaria" (Cabeza, 2003).

Esta definición é moi apropiada para comezar con este apartado, podemos falar entón do ocio como **un factor indispensable para o desenvolvemento persoal ou dunha**

comunidade, xunto con esta definición naceu da mesma maneira o concepto de **dereito ao ocio**. Este concepto establece que toda persoa ten dereito ao pleno goce do ocio e do seu tempo libre xa que tratase dun elemento indispensable para mellorar a calidade de vida das persoas. Garantir o dereito ao ocio vai ligado a garantir o dereito das persoas ao lúdico, ao recreativo e a acción cooperativa e solidaria. A mesma ONU afirma textualmente:

"O ocio é un dereito básico do ser humano. Sobreentendese, por iso que os gobernantes teñen a obriga de recoñecer e protexer tal dereito e os cidadáns de respectar o dereito dos demais. Polo tanto, este dereito non pode ser negado a ninguén xa sexa por motivos de credo, etnia, ***sexo****, relixión, incapacidade física ou condición económica"*

Entendese o **ocio como dereito humano básico** que favorece o desenvolvemento, como a educación, o traballo o a saúde e do que **ninguén debería ser privado por razóns de xénero, orientación sexual, idade ou discapacidade.** Temos que entender que non sempre foi así, que tradicionalmente o ocio foi considerado un aspecto residual da vida, unha parte pouco significativa e secundaria. Na actualidade considerase unha vivencia que ten que ser experimentada por todas as persoas.

A Pedagoxía do Ocio segundo (Cuenca, 2009) é unha parte especifica da pedagoxía en xeral que ten como obxectivo contribuír ao desenvolvemento, mellorar a experiencia vital das persoas e das comunidades a través de coñecementos, actitudes, valores e habilidades relacionadas co ocio. **Esta disciplina nace da concepción de que as persoas son plenamente educables no seu tempo libre**. Dende un principio esta disciplina tratou de recoñecer os trazos definitorios e os condicionantes do colectivo da xuventude para entender así cal é a mellor forma de intervir no seu tempo libre. Esta disciplina ten un carácter multidimensional que temos que entender se queremos empregala dunha forma adecuada, baseándome en (Cuenca, Dimensiones y manifestaciones del ocio actual, 2008) as dimensións son as seguintes:

- A educación persoal do Ocio:

É a dimensión centrada na persoa que non perde de vista a conceptualización do individuo como ser social. A educación persoal do ocio defende o desenvolvemento da persoa dunha forma libre e independente, pero tamén integrada e solidaria cos demais. O reto desta

forma de educar é que as actividades de ocio **sexan experiencias positivas e significativas que o individuo integre na súa experiencia vital**.

- A educación comunitaria do Ocio:

Esta dimensión reflexa as accións educativas na que o principal obxectivo xa non é a persoa individual senón unha comunidade. Tratase de un tipo de **educación social** que sen esquecerse da importancia do desenvolvemento persoal, **busca o cambio de actitudes e hábitos comunitarios** en beneficio da implantación do dereito do ocio e o aumento da calidade de vida dentro da comunidade a intervir. A educación comunitaria do ocio desenvolvese a través duns obxectivos ben planificados e dirixidos de forma colectiva, dunhas estratexias creadas por profesionais cualificados e dun plan de concienciación e acción adecuados. Estes obxectivos moitas veces veñen marcados por políticas, plans ou normativas culturais, **de xuventude, de muller**, de discapacidade, de terceira idade, etc.

- A formación de profesionais do Ocio:

Esta dimensión está relacionada coa formación de persoas para que interveñan nos campos do ocio e do tempo libre dun xeito profesionalizado. Estas e estes profesionais do ocio teñen que ser coñecedoras e coñecedores dos prantexamentos xerais pedagóxicos centrados tanto no individuo coma na comunidade así como os centrados na súa area concreta onde atópanse especializados ou especializadas.

Por ultimo neste apartado paréceme moi axeitado citar que: *"A formación en temas de ocio significa a preparación e a formación das persoas para vivir e gozar do seu tempo libre, establecendo unha relación entre a formación do individuo e a da comunidade"* (Cuenca).

3.1.2.- Xuventude e as súas características

Para comezar con este apartado temos que entender que a categoría xuventude tratase dun concepto dinámico que o longo da historia foi modificado numerosas veces e foi entendido de diferentes modos. As diferentes persoas que o longo dos anos encargáronse de teorizar en torno as idades que abrangue o termo xuventude e por tanto tentaron definir e limitar este termo con carácter cronolóxico atenderon a diversos criterios como a emancipación, independencia respecto aos pais, a fin da infancia, a transición cara a vida adulta, etc.

Pero en termos xerais cando estamos a referimos a xuventude falamos dun colectivo que comprende a etapa que vai dende o final da infancia ata o principio da vida adulta. A Unión Europea entende por colectivo mozo as persoas que teñen unha idade comprendida entre os 15 e os 29 anos, referíndose exclusivamente a este período comprendido de idades. Cando falamos de prevención, sensibilización e educación en valores a maioría de actuacións que teñen como obxectivo o colectivo xuvenil centrase na necesidade de actuar a partir dos 12 anos.

Continuando coa aproximación o termo xuventude temos que enumerar dunha forma xeral cales son as **características** que mais definen a este grupo de persoas, baseándome en (Grande, 2009) e (Sastre, 2002) son as seguintes:

- A adaptación ao cambio social

Unha das grandes características da xuventude é a gran velocidade de transformación e cambio. O que serve hoxe para a xuventude o ano seguinte pode estar caduco e obsoleto. Polo tanto aínda que a maioría dos campos nos que esta presente a educación caracterízanse pola continua actualización a cal o profesional a cargo ten que enfrontarse, no ámbito da xuventude isto acentuase dunha maneira notoria facendo que o profesional teña que formarse dunha maneira continua.

Esta velocidade de transformación que caracteriza a este colectivo tamén implica que sexan mais propensos e propensas a **aceptar e incorporar cambios sociais e culturais con maior rapidez que as persoas adultas.** Polo tanto temos que entender que as persoas mozas son o colectivo mais cambiante e mais variable da sociedade, son os que reciben con mais crueza os cambios nas condicións sociais do seu entorno. Non se pode xerar un proceso estable no tempo se non existen instrumentos que permitan facer un seguimento da evolución da mocidade e das súas circunstancias.

- A xuventude como macrocolectivo.

A xuventude é un macrocolectivo e dicir é un colectivo de colectivos. As persoas que se atopan dentro da xuventude poden compartir características comúns como a idade ou que se atopan nun proceso de paso cara a vida adulta pero a súa vez tamén poden ser persoas completamente distintas entre si nas súas inquedanzas, intereses, pasatempos. Tamén dicir que aínda que a mocidade é un colectivo heteroxéneo si que é verdade que existen certos colectivos de iguais onde as persoas comparten as mesmas gustos, actividades a realizar, actitudes ante a vida, actividades no seu tempo libre etc.

3.1.3.- O modelo hexemónico de ocio actual.

Este apartado ten como finalidade facer unha análise do modo no que o colectivo xuvenil ocupa o seu tempo libre na actualidade. O modelo hexemónico de ocio na actualidade é o da noite dos venres e sábados **baseado no consumo de substancias**, este modelo de ocio aumentou o risco de alcoholismo, tabaquismo, consumo de drogas, condutas violentas e **actitudes sexistas** dunha maneira notoria no colectivo da xuventude.

Este modelo actual tan nocivo para as persoas que participan nel nunca estivo presente na sociedade de esta maneira, o concepto fin de semana dentro do ocio e falando sempre no marco de idades que abrangue a xuventude era ben distinto anteriormente. Nestes ultimo anos este modelo tivo unha expansión enorme, basta con ter en mente a cantidade de espazos que existen na maioría de localidades e as cantidades de persoas mozas que participan para facernos unha idea sen necesidade de consultar datos estatísticos.

A noite para as persoas mozas supón un espazo para as **relacións sociais, as relacións afectivas e un espazo para a diversión**. A noite tal e como esta prantexada e polo tanto vinculada o consumo de sustancias aditivas tratase do modelo imperante na maioría de países da Unión Europea. O consumo de alcohol cannabis e drogas sintéticas acadou unha especial relevancia na actualidade e cada vez e mais aceptado entre a mocidade, este tipo de substancias, convertéronse nun autentico elemento de socialización. Este tipo de practicas teñen detrás de elas unha **potente industria con grandes intereses comerciais** e moi interesada en que se modifiquen as pautas culturais e as formas de divertirse das persoas mozas. Por esta razón buscan a normalización do consumo, e fan todo o posible para que a vida recreativa da xuventude baséese neste modelo de ocio tan prexudicial.

3.1.4.-Como intervir na xuventude a través do ocio

Para comezar con este apartado e necesario entender que a finalidade de todo proceso dirixido cara a xuventude é a de tratar de **alcanzar a súa participación activa** na decisión e

na xestión do seu propio tempo de ocio e converter este nun elemento de prevención de resgos e promotor de educación. Polo tanto, para garantir una intervención adecuada tense que poñer o alcance deste colectivo as condicións óptimas para unha participación libre e polo tanto non dirixida. Isto **non é unha opción senón unha obriga** de cara o éxito dos programas de ocio dirixidos a xuventude.

Para levar a cabo unha intervención desta maneira, baseándome en (Caride, 2009), (Cuenca, 2008), os programas de ocio terán que asumir unha perda de poder e capacidade de control facendo un exercicio de confianza cara a xuventude. As persoas encargadas, deben levar a cabo unha tarefa de velar e guiar a mocidade no ocio dunha forma orientada e dicir con direcionalidade positiva e integral, actuando como axentes que favorezan a que **sexa a propia xuventude a que promova as súas propostas de ocio**. Isto ultimo non pode ser mal interpretado, temos que ter claro que **non é a propia mocidade a que crea as políticas de ocio**, senón que son as persoas profesionais de este sector as que as fan, aínda que a xuventude este sempre presente no proceso.

"Temos que entender a mocidade coma cidadáns en transición, o itinerario das persoas mozas pode ser modificado, estimulado, alterado ou dificultado polas condicións na que se desenvolve. Poden e deben planificarse accións sobre o seu dia a dia que teñan como obxectivo facilitar a realización de un proxecto de persoa. Estas accións facilitaran a socialización, a construción da identidade e as dificultades para a incorporación a sociedade nun futuro" (Artiaga, 1997).

Aceptando o prantexamento deste autor especializado no tema do ocio temos que entender aa persoas mozas coma un suxeito ben distinto dos demais, xa que tratase dunha etapa de la vida diferenciada que necesita de **accións específicas**. Polo tanto entender as persoas moza significa facer un **exercicio de empatía**, de poñerse na súa pel, de entender cales son as súas inquedanzas, cales son as súas principais preocupacións e que papel teñen estas persoas na sociedade.

A capacidade de interlocución coas persoas mozas, e dicir a capacidade de establecer unha plena comunicación, é un factor clave que define e diferenza totalmente as políticas de xuventude. Comunicarse, entender, negociar e debater coa xuventude tornase esencial sempre e cando se queira actuar correctamente. Este proceso pódese levarse a cabo de moitas maneiras como entrevistas, enquisas, reunións con certos colectivos ou asociacións de mozas e mozos,

etc. Teño que resaltar que **non se pode traballar dunha forma coherente coa xuventude sen estar en plena comunicación con ela**, se non existe esta comunicación a intervención será con certeza un fracaso. Tamén hai que dicir que tampouco basta con ter un contacto esporádico ou puntual coa xuventude, se non que hai que manter un **contacto permanente** coa realidade xuvenil que permita coñecer dunha forma ampla e plural as súas actitudes ante a realidade, as súas opinións, os seus intereses, as súas queixas e as súas demandas. A conclusión do que quero expresar e ben sinxela: **Non se pode traballar para a xuventude sen a xuventude.**

Por ultimo dicir que a hora de programar cara a mocidade temos que evitar procesos demasiado formais ou burocráticos xa que estes con moita facilidade serán evitados por este colectivo debido a que os poden ver como **demasiado complicados** e non terán interese en realizalos, xa que persoas mozas prefiren organizar as súas propias propostas de ocio evitando que a persoa adulta sexa o que as organice, estruture e impoña.

3.2.- Xénero e ocio

Abordar este apartado e mais tarde unha intervención socieducativa formativa en igualdade sen ter clara unha definición do concepto xénero tornase imposible. Como marco introdutorio a este concepto quero resaltar a seguinte cita:

"Pódese definir xénero como un conxunto de disposicións polas cales unha sociedade transforma a sexualidade biolóxica en produtos humanos" (Cobo, 2005).

O xénero polo tanto tratase dunha construción social, un parámetro científico, unha das principais categorías de análise do pensamento feminista que pon de manifesto as profundas desigualdades entre homes e mulleres. Este concepto tamén designa unha realidade cultural e política asentada sobre o sexo dunha forma inxusta onde se asignan determinados roles sociais, actitudes e aptitudes ben diferenciadas entre as mulleres e os homes.

Nace de aquí o concepto "perspectiva de xénero", analizar a realidade dende esta perspectiva serve para por de manifesto a subordinación das mulleres ao sistema patriarcal. Por outra parte explicar as causas desta subordinación serve para elaborar accións ou intervencións orientadas a desactivar os mecanismos desta discriminación. Teño que destacar antes de

continuar que o xénero ten un carácter social é polo tanto é un **concepto dinámico e cambiante** dependendo da época na que nos atopamos.

Nas ultimas décadas os avances en materia de xénero foron notables principalmente grazas as conquistas do feminismo. Nos anos 70 concretamente, naceu una forma novidosa de loitar contra as desigualdades o "**gender mainstreaming**", posteriormente traducido como "transversalidade".

"Mainstreaming de xénero é un proceso para avaliar as implicacións das mulleres e dos homes dende calquera plan de acción, incluso na lexislación, políticas ou programas, en calquera área e en todos os niveis. É unha estratexia en construción, que ten que recoller as preocupacións e experiencias das mulleres así como as dos homes (...) para que as mulleres e homes benefíciense da mesma maneira, e a desigualdade non se perpetúe. A última meta do mainstreaming e lograr a igualdade de xénero." (ONU, 1997)

Este concepto polo tanto revoluciona a forma de intervir sobre problemáticas relacionadas co xénero, e axúdanos a entender mellor as desigualdades entre homes e mulleres así como a forma de intervir nelas dunha maneira eficaz. **O presente proxecto analiza a realidade dende este concepto e nútrese deste termo para artellar respostas coherentes coa igualdade que impliquen a todas as persoas.**

A modo resumen, e se facemos un percorrido histórico podemos chegar a conclusión de que actualmente atopámonos con as mellores condicións para vivir en clave de igualdade. A pesar destes avances, aínda queda un gran camiño por percorrer e aínda quedan moitos retos pendentes para lograr unha plena igualdade entre homes e mulleres. Tamén queda un largo camiño para lograr erradicar a discriminación das mulleres a través de mecanismos directos e indirectos, ideolóxicos e culturais que afectan a todos os ámbitos da vida.

3.2.1.- Marco Lexislativo

Na actualidade existen múltiples leis e normativas que tratan de loitar contras as diferenzas e discriminacións asentadas sobre o xénero. Concretamente centrareime nas disposicións xurídicas que afectan a este proxecto dunha forma mais directa.

- Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de Mulleres e Homes.

Esta lei nace do compromiso da comunidade autónoma galega de lexislar a prol da igualdade entre homes e mulleres. Ademais foi unha das leis pioneiras en materia de igualdade dentro das comunidades autónomas polo seu carácter innovador influenciado en gran medida polas políticas mais avanzadas da unión europea.

Os principais obxectivos que busca esta Lei é **a participación activa e equilibrada das persoas na sociedade, a eliminación de barreiras por razóns de sexo** e a plena participación política económica e social da muller eliminando así as discriminación por razóns de xénero xa sexan de forma directa ou indirecta. Outro dos obxectivos é a **promoción a incorporación da acción positiva nas diversas esferas da realidade como o ocio das persoas como medida para acadar a igualdade de oportunidades**.

Esta lei tamén busca o fomento de igualdade nos medios de comunicación a través de numerosas medidas como pode ser o aumento da visibilidade das mulleres, a programación de campañas publicitarias ou a **erradicación do sexismo na linguaxe**.

De conforme con esta lei, o programa de ocio "Noites Abertas" do concello de Pontevedra onde se enclava o meu proxecto, ten que velar polo seu cumprimento e incorporar **medidas de acción positiva** que faciliten e reduzan os obstáculos de **acceso sustentados en estereotipos sexistas.** Ten que buscar polo tanto a participación equilibrada na súas actividades e **promocionar unha visibilización da muller**.

- LEI ORGÁNICA 1/2004, do 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a violencia de xénero.

Esta lei é de gran importancia, xa que dota aos poderes públicos de ferramentas para combater o mais grave dos problemas de discriminación sexista que é a violencia de xénero.

Esta violencia afecta as mulleres polo mero feito de selo e supón un gravísimo atentado contra a integridade, dignidade e liberdade das mulleres, xa que *"A violencia de xénero é unha manifestación de relaciones de poder, polo tanto non tratase so dunha violencia física, senón que é un fenómeno bastante mais complexo que ten que ver coas relacións de poder desiguais, históricas e culturalmente establecidas entre homes e mulleres".* (Velasco, 2007)

Esta lei recolle toda a complexidade de este tipo de violencia sexista contra as mulleres e define este termo como *"todo acto de violencia física e psicolóxica, incluídas as agresións a liberdade sexual, as ameazas, as coaccións o a privación arbitraria da liberdade."*

O principal obxecto desta lei é frear as relacións **desiguais entre homes e mulleres**, a discriminación da muller no poder, fomentar o respecto e a dignidade das mulleres actuando e protexendo dunha forma integral. **Esta lei trata de romper cos roles tradicionais camiñando cara un cambio social e cara a igualdade plena entre homes e mulleres.**

Para acadar esta igualdade e erradicar totalmente a violencia de xénero temos que entender que esta é promovida por una serie de estereotipos de xénero, actitudes machistas, etc. Por isto unha das ferramentas más importantes na loita contra a desigualdade entre homes e mulleres, **son os programas de acción socioeducativa**, como o proxecto que elaboraremos neste traballo de fin de grao, xa que estes teñen como un dos seus fins o de educar a xuventude contra a discriminación de xénero e as actitudes sexistas.

- LEI ORGÁNICA 3/2007, do 22 de marzo, para a Igualdade Efectiva de Mulleres e Homes.

A lei orgánica 3/2007 do 22 de marzo para a Igualdade, Efectiva de Mulleres e Homes é tamén coñecida como LOIEMH ten como obxectivo principal facer efectivo o dereito de igualdade de trato e oportunidades entre mulleres e homes.

Este obxecto da Lei farase efectivo mediante a eliminación da discriminación da muller en calquera dos ámbitos da vida, aínda que a presente lei focalizase mais na esfera política, civil, laboral, económica, **social e cultural**. Teño que destacar que un dos maiores avances que supuxo esta lei foi a inclusión do termo transversalidade (mainstreaming) recoñecendo así a desigualdade dunha forma estrutural. Aínda que este termo xa estaba presente en algunha das leis autonómicas coma a vasca e a galega (mencionada anteriormente) **non aparecía en ningunha normativa a nivel nacional**.

Podemos citar como puntos clave que sustenta totalmente o presente traballo de fin de grado é dótanlle de plena coherencia a exposición de motivos é o mandato establecido no artigo 1.1 que citan respectivamente e textualmente:

"A presente lei tratase de unha acción normativa dirixida a combater todas as manifestacións aínda ***subsistentes de discriminación, directa o indirecta, por razón de sexo e***

a promover la igualdade real entre mulleres e homes, con retirada dos obstáculos e estereotipos sociais que impiden alcanzala".

Este mandato recoñece que **para chegar a plena igualdade hai que eliminar obstáculos e estereotipos sociais que impiden alcanzala**, por esta mesma razón un dos obxectivos do meu proxecto e traballar coa xuventude sensibilizándoa de modo **que sexan capaces de recoñecer as trabas que impiden a igualdade entre homes e mulleres**. Traballarei coa xuventude analizando os estereotipos de xénero e atallando o problema da violencia contra a muller dende a súa raíz tentando evitar así que se reproduza no futuro.

"As mulleres e os homes son iguais en dignidade humana, e iguais en dereitos e deberes, esta lei ten como obxecto facer efectivo o dereito de igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, en particular mediante a eliminación da discriminación da muller, sexa cal fora a súa circunstancia ou condición, en calquera dos ámbitos da vida e, singularmente, nas esferas políticas, civís, laboral, económica, ***social e cultural*** *para, no desenvolvemento dos artigos 9.2 e 14 da constitución, alcanzar unha sociedade mais democrática, mais xusta e mais solidaria."*

Todas as intervención dirixidas a sociedade terán que garantir polo tanto este mandato, este proxecto ten que comprometerse con este principio e promulgalo. A intervención formulada neste proxecto comprometese a garantir que o monitorado de "Noites Abertas" reciba unha formación adecuada para promover a igualdade de xénero e a eliminación da discriminación nas súas actividades.

"Noites Abertas" é un programa que está encravado na administración publica. A presente lei establece os poderes públicos e a súa administración como **garantes do dereito constitucional de igualdade entre mulleres e homes** e obriga o cumprimento de certas disposicións relacionadas directamente con este traballo.

- A integración do principio de igualdade de trato e de oportunidades no conxunto das políticas económica, laboral, **social, cultural e artística**, co fin de evitar a segregación por razón de sexo.

- Administración xeral do Estado e os **organismos públicos vinculados ou dependentes dela impartirán cursos de formación sobre a igualdade de trato e oportunidades entre mulleres e homes e sobre prevención da violencia de xénero**.

- A adopción das medidas necesarias para a erradicación da violencia de xénero, a violencia familiar e todas as formas de acoso sexual e acoso por razón de sexo.

- Promover a presenza equilibrada de mulleres e homes na oferta **de ocio, artística e cultural pública**.

- A eliminación e o rexeitamento dos comportamentos e contidos sexistas e estereotipos que supoñan discriminación entre mulleres e homes.

- **Todos os programas públicos** incorporarán a efectiva consideración do principio de igualdade real e efectiva entre mulleres e homes no seu deseño e execución.

- Todas as persoas físicas ou xurídicas que, no sector público ou no privado, subministren bens ou servizos dispoñibles para o público, ofrecidos fóra do ámbito da vida privada e familiar, estarán obrigados, nas súas actividades e nas transaccións conseguintes, ao **cumprimento do principio de igualdade de trato entre mulleres e homes, evitando discriminacións, directas ou indirectas por razón de sexo**.

- Normativa específica ao que o programa "Noites Abertas" está suxeito

Por último, é necesario mencionar o proxecto que elaboraremos mais adiante, o estar dentro de programa "Noites Abertas" estará suxeito as bases da subvención convocada no BOE no que este está localizado. Estas bases polas que se subvenciona o programa, tamén resaltan e promulgan a importancia da igualdade de xénero.

" *A finalidade perseguida por esta Convocatoria é a* ***consecución da igualdade*** *dos cidadáns en relación coa prevención do consumo de drogas,* ***promovendo as condicións e removendo os obstáculos para que dita igualdade sexa efectiva,*** *de acordo co disposto no artigo 9.2 da Constitución Española. Considerando que a igualdade efectiva no exercicio dos dereitos socias requiren o emprego de criterios de eficiencia e economía na programación e execución do gasto público, de conformidade co el artigo 31.2 da Constitución Española estes programas de ocio estarán dirixidos prioritariamente a menores de idade e persoas mozas ata*

os 30 anos de idade, favorecendo actitudes de ***igualdade de xénero****".* (Resolución de 20 de agosto de 2015, de la Secretaría de Estado de Servicios Sociales e Igualdad, por la que se convoca en 2015 la concesión de ayudas económicas a corporaciones locales para el desarrollo de programas de prevención de las drogodependencias, con cargo al Fondo de Bienes decomisados por tráfico ilícito de drogas y otros delitos relacionados, en aplicación de la Ley 17/2003, de 29 de mayo.)

Polo tanto se "Noites Abertas" ten a obriga loitar contra a desigualdade por mor de xénero tal é como esta normativa establece, **ten que garantir que nas súas actividades non se reproduzan patróns que leven a desigualdade de xénero arruinando a direcionalidade positiva do programa**. Para isto e indispensable que as persoas docentes e dicir as encargadas de impartir as actividades **teñan unha formación coherente en xénero** para o papel que van a desenvolver dentro do programa que é obxectivo principal da intervención.

3.2.2.- Discriminación xénero no ocio.

O ocio como apuntan moitos dos estudos clásicos gozase dende diferentes ámbitos ou esferas da vida como poden ser as actividades deportivas, a recreación, a cultura, o turismo, pero en que medida existen diferenzas a hora de gozar do ocio e tempo libre entre homes e mulleres? homes e mulleres están a acceder na actualidade ao ocio dunha forma igualitaria?.

"O xénero afecta dunha forma clara ao tipo de actividades deportivas, actividades culturais ou espazos que homes e mulleres frecuentan no seu tempo libre, pero tamén e dunha maneira moito mais grave ao tempo dispoñible para o ocio e no seu aceso." (Deusto, 2002).

Isto quere dicir que se naces muller na sociedade actual probablemente **terás maiores dificultades para gozar e acceder dunha forma plena ao ocio** e que si naces home. Este feito queda totalmente constatado se analizamos a enquisa do INE sobre o "Empleo del Tiempo 2009-2010". Esta enquisa reflicte datos tan esclarecedores coma que as mulleres adican cada dia dúas horas e cuarto mais que os homes as tarefas do fogar. Outro dato a resaltar e que os homes participan en mais actividades de tempo libre e durante mais tempo que as mulleres especialmente en deportes, actividades ao ar libre e lecer virtual. Tamén resaltar que segundo datos do INE as diferenzas na participación nas esferas da vida social e diversión diminuíron nos últimos anos pero estas seguen colocando a home por encima da muller cunha diferenza de 11 minutos mais de tempo medio ao dia.

As diferenzas en horas e minutos da distribución de actividades nun dia entre homes e mulleres.



Grafico 3.- Diferenzas de tempo nas actividades segundo o sexo. Fonte: INE.

Esta análise do INE foi realizado en termos xerais sobre toda a poboación española e para atopar datos mais específicos relacionados coa poboación obxectivo do presente traballo de fin de grado que abarca as idades de 12 a 30 anos temos que remitirnos a análise do instituto de xuventude (INJUVE) *"Juventud en Cifras 2010"*. Nesta análise mais específico sobre este sector da poboación podemos extraer esta gráfica sobre o tempo medio dispoñible a semana para ocio da poboación moza dende os 15 ata os 29 anos:



Gráfico 4.- Tempo de ocio a semana en horas diferenciado por sexo. Fonte: INJUVE.

Chegados ata este punto da análise sobre as diferenzas entre homes e mulleres no tempo que adican a o ocio e ao tempo libre e de necesario cumprimento cuestionarse a seguinte pregunta: Por que as mulleres gozan de menos tempo libre e teñen mais dificultades para acceder ao ocio?. Pois ben no primeiro gráfico extraído do INE observamos que as diferenzas mais claras entre homes e mulleres fanse patentes en que as mulleres adican mais tempo a categoría denominada "Fogar e a Familia" e os homes a categoría "Traballo remunerado". Polo tanto queda demostrado que actualmente a sociedade española segue **encravada no rol tradicional da muller** como encargada das tarefas domesticas e do home como persoa encargada dos ingresos económicos do fogar mediante o traballo fora da casa.

Aínda que queda moito por avanzar e seguindo un análise histórico o longo dos anos negar a incorporación da muller ao ámbito laboral e que cada vez son mais os fogares de España formados por unha muller e un home no que ambos traballan fora da casa dunha maneira retribuída e innegable. **Pero no panorama do reparto das tarefas domesticas ou das tarefas de coidado a brecha de diferenzas entre homes e mulleres segue a ser moi ampla**, e dicir moitas mulleres son as que traballan na actualidade pero "*a maioría das mulleres aínda traballando asumen mais tarefas no ámbito domestico que a súa parella*" (INE, 2014)

As mulleres polo tanto non teñen o mesmo tempo para gozar do ocio e do tempo libre que as súas parellas. As estatísticas demostran que os homes en xeral traballan mais horas nun

posto remunerado fora da casa (Gráfica do INE) pero mentres o reparto das tarefas do fogar non sexa realizado dunha forma **equitativa,** as diferenzas de tempo entre homes e mulleres para gozar do ocio e tempo libre **continuaran sendo desiguais** e os homes terán mais tempo a pesar de traballar mais que as mulleres en postos remunerados.

Segundo as estatísticas europeas os homes da UE traballan de media 10 horas mais que as mulleres en traballo remunerados fora da casa, pero aínda así gozarían dunha media de 5 horas mais a semana de tempo libre que as mulleres, xa que estas teñen unha maior carga no ámbito domestico (Gender Inequality in Leisure Time by European Comision). Queda bastante claro entón que si queremos como sociedade chegar a ser igualitaria no dereito o ocio temos que **empezar promovendo políticas, estratexias, accións, actividades educativas e de sensibilización encamiñadas a conseguir o reparto equitativo das tarefas do fogar e a equilibrar as horas de traballo remunerado fora da casa entre homes e mulleres**.

Para ilustrar os principais problemas e obstáculos de acceso a actividades de ocio e tempo libre vou basearme no esclarecedor exemplo do que sucede actualmente no mundo do deporte. O deporte como todas e todos sabemos é unha parte inseparable do ocio e do tempo libre. Este ten un gran papel coma promotor do respecto mutuo, da tolerancia, do entendemento entre as persoas e tratase dunha ferramenta eficaz para loitar contra os prexuízos, estereotipos e discriminación potenciando e desenvolvendo non so da persoa si non que tamén da sociedade.

"O deporte polo tanto é universalmente aceptado como promotor de valores positivos, pero un feito é que as mulleres participan menos que os homes en actividades físicas e deportivas" (Manifesto pola igualdade e a participación da muller no deporte, 2009).

A dia de hoxe parece que segue a estar moi presente no mundo dos deportes o clásico estereotipo de que existen unha serie de actividades físicas para mulleres e outras para homes. Este estereotipo sae a luz sobre todo a hora de escoller o deporte a practicar, **limitando e obstaculizando a plena liberdade das persoas para decidir** e configurando as mentalidades cara unha elección motivada moitas veces polas presións sociais. Este feito constitúe unha vez mais unha **clara desigualdade, unha discriminación sexista, un claro obstáculo que dificulta exercer e acceder ao deporte dunha forma plenamente libre e igualitaria**. Este tipos de estereotipos veñen fomentados unha vez mais polo sistema patriarcal, tratase dun rol de xénero que establece o que é "masculino" e o que é "feminino" limitando así as persoas no exercicio da súa liberdade e polo tanto atentando dunha maneira clara contra a democracia.

O exemplo do deporte e moi esclarecedor xa que no campo de ocio e o tempo libre mais en xeral dáse o mesmo obstáculo de acceso, existen certas actividades que son consideradas para mozos e outras actividades que son consideradas para mozas. Polo tanto o sistema patriarcal volve a fomentar roles de xénero e estereotipos que negan, modifican ou limitan o aceso de mulleres a certo tipo de propostas de ocio e tempo libre querendo enmarcalas nun rol tradicional. Facendo un análise mais optimista da realidade pódese dicir que grazas o feminismo cada vez son mais as persoas que dan por sentado o lugar que as mulleres teñen que ocupar na realidade e especificamente no seu dereito a gozar do lecer da mesma forma que un home.

4.-Deseño do proxecto de formación.

Como xa quedou patente anteriormente as mulleres teñen unha maior dificultade que os homes para gozar do seu ocio o que constitúe unha clara desigualdade. O Concello de Pontevedra e mais concretamente a Concellería de Xuventude e ben sabedora de que as desigualdades por mor de xénero estanse a producir tamén no seu programa "Noites Abertas" e ten a vontade de poñer todos os mecanismos posibles para minimizar ata eliminar esta desigualdade **promovendo así un ocio igualitario e garantindo os dereitos fundamentais de todas as persoas**.

O presente proxecto parte de esa vontade é baseándose no análise da realidade e do contexto da xuventude no que estase a producir este problema que acabamos de realizar. Analizando e tendo en conta as normativas que garanten a implicación dos poderes públicos para erradicar as desigualdades de xénero, propoñerá, unha serie de accións orientadas a redución deste tipo de desigualdade sexista.

Esta intervención ten como finalidade eliminar as discriminacións por razón de xénero no programa "Noites Abertas". Como establece a lei 3/2007 a única forma de rematar coa violencia contra as mulleres é **eliminando dende a súa raíz calquera tipo de manifestación discriminatoria por razón de sexo,** xa sexa directa ou indirecta. A promulgación da igualdade real entre homes e mulleres non se acadara ata que os obstáculos e os estereotipos sociais que impiden alcanzala sexan removidos.

Lonxe de dar unha resposta a toda a realidade social patriarcal feito que se torna imposible, este proxecto enfocarase nunha realidade "micro" con o obxectivo de modificar patróns, condutas e metodoloxías de traballo a hora de impartir actividades en "Noites

Abertas". Este proxecto centrarase no colectivo do monitorado, e terá unha repercusión na realidade "meso" e "macro" e dicir na realidades mais cércanas ao colectivo do monitorado (meso) e na sociedade en xeral (macro). Isto é posible grazas a un enfoque microsociolo xico da realidade, que establece que as interacción sociais especificas, os comportamentos, os roles, o que pense cada un de si mesmo e o que pense dos demais vai modificar en maior ou menor medida o que esta mais aló do individuo, os espazos onde se crean as acciones sociais e a comunicación compartida que caracterizan os niveis "meso" e "macro" grazas a relación social. (Baseado en Berger y Luckmann A *construcción social da realidade* 1966)

O futuro dunha sociedade depende en gran medida de como van ser os valores da súa xuventude, **de como de coherente sexa unha persoa ou non o sexa co principio de igualdade entre homes e mulleres**. Este proxecto busca intervir nesta etapa de vida cara a xerar novas personalidades diferentes as tradicionais, novas persoas capaces de crear e promulgar unha sociedade igualitaria. **Ponse en dubida entón a forma en que as persoas están a construír a súa identidade na sociedade actual xa que se fora correcta, non existiría a discriminación por mor de xénero**.

Este proxecto valese da gran ferramenta que constitúe a educación no ocio dentro da educación social. **Buscando promover a través desta ferramenta unha sensibilización sobre as desigualdades de xénero coa finalidade de fomentar un maior coñecemento sobre esta realidade e a problemática que esta a constituír actualmente**. Trata de que as persoas asistentes sexan capaces de realizar un "autocoñecemento" sobre os seus comportamentos, sobre as súas opinións sobre a súa forma de analizar o contexto que as rodea. Este exercicio permite coñecer a maneira en que cada un ou cada unha está contribuíndo a propagación de actitudes, estereotipos ou comportamentos que axuden a sustentar o modelo patriarcal. Esta reflexión non é en van senón que ben acompañada de outra que prantexa en que medida estas persoas poden **comprometerse a adquirir novos hábitos** que axuden a loitar contra o réxime desigualitario actual, rompendo a súa propagación, e tomando así un papel activo é coherente coa adquisición dos novos hábitos na loita contra a desigualdade.

4.1.- Presentación da intervención

Esta intervención valerase do programa "Noites Abertas" do Concello de Pontevedra para acercarse a poboación obxectivo, mediante a formación do colectivo do monitorado que imparte as actividades dentro do programa.

Esta intervención centrase na figura do monitorado de "Noites Abertas" persoas totalmente responsables de impartir as actividades ofertadas polo programa. Centrarse directamente no colectivo do monitorado que impartira as actividades a todas as persoas participantes faise mais doado, xa que intervir na formación de toda a poboación participe no programa e que situase en torno as 2.700 persoas de maneira directa seria moi difícil. Polo tanto intervir directamente na sensibilización e formación do monitorado para que logo incorporen a perspectiva de xénero nas súas actividades e promulguen estes valores igualitarios tornase unha canle intelixente para ter repercusións dunha forma eficaz en toda a poboación participante en "Noites Abertas".

Quero destacar que formar e sensibilizar o colectivo do monitorado en canto cuestións de xénero e sinónimo de ter unha garantía de que nas actividades a realizar no programa de ocio vanse a promover a igualdade e de que non van a ser participes na emisión de estereotipos sexistas. Por ultimo en relación a este apartado non debemos esquecer que o monitorado deste programa son persoas mozas tamén, e dicir tratase dun **grupo de iguais ideal para promover valores igualitarios**.

Para rematar sinalar que o presente proxecto busca entón por en marcha un autentico **proceso participativo e formativo** sobre a educación en xénero, e dicir busca poñer en marcha mecanismos onde se de a participación da cidadanía moza de forma que se traballe colectivamente, se expresen opinións e contrastense ideas en relación a esta temática. Buscase que as persoas asistentes non sexan meros receptores se non que **sexan axentes activos na construción do proceso**, fomentando deste modo unha educación en xénero dunha maneira lúdica, interactiva, creativa, flexible, cooperativa, formativa e sobre todo comprometedora.

En relación a forma de transmitir valores entendese que educar non é solo transferir coñecemento se non que **tratase de crear o ambiente e as condicións ideais para que xurda a súa construción**, tratase de estimular o cuestionamento da persoa sobre a súa realidade. Dicir que este proxecto ten como filosofía partir da realidade individual de cada persoa cara un **proceso creativo e cooperativo** de análise sobre a realidade patriarcal co obxectivo de **xerar unha reflexión** que nos leve a acadar formas de actuar fronte esta realidade. En definitiva

buscase o ilusionismo social apostando polo proceso educativo como un *exercicio de creatividade, de imaxinación de novos horizontes que favorezan a reflexión critica co claro obxectivo de romper patróns de discriminación* (Freire, 1972).

4.2.- Obxectivos xerais do proxecto de formación.

A hora de deseñar este proxecto tiven moi presente os obxectivos xerais que quería acadar:

•**Deseñar un conxunto de actividades con finalidades preventivas, formativas, educativas e saudables**. As cales realizaranse de forma coordinada en varios fins de semana. Mediante a creación de esta intervención buscase formar a xuventude a través do ocio sobre a igualdade de xénero. Por isto, traballaremos os estereotipos de xénero, os cales teñen como orixe ideas preconcibidas que se atopan nas raíces do patriarcado

• **Concienciarse na importancia das limitacións das capacidades baseadas no xénero social** que o patriarcado xera dunha forma inxusta, corrixindo así novos desaxustes que estanse a producir e que son orixinados pola convivencia de modelos de xénero anacrónicos con outros máis igualitarios.

• **Identificar pautas sexistas** mediante a revisión de aprendizaxes básicos da vida e buscando eliminar calquera arquetipo de xénero traballarase a prol da igualdade, da independencia e da autosuficiencia. Podo sintetizar que a o presente traballo ten como obxectivo corrixir calqueira practica educadora sexista e transmisora de valores, normas e principio ligados ó patriarcado.

• **Fomentar a coeducación** como proceso intencionado de intervención educativa que busca dende un principio o desenvolvemento integral das persoas independentemente do sexo ao que pertenzan.

• **Aceptar correntes de pensamento, e políticas posicionadas en contra das relacións sociais presentes**. A través da reflexión buscarase que as persoas asistentes sexan capaces de realizar unha critica a desigualdade social entre mulleres e homes, e por tanto sexan capaces de cuestionar as relacións entre sexos nos ámbitos de poder social, político e económico.

•**Promover** unha perspectiva feminista cara a análise da realidade comprometéndose a dar unha resposta as desigualdades. Buscase en definitiva que as persoas asistentes comprométanse para garantir unha igualdade de oportunidades e resultados entre os homes e as mulleres e que posicionense ante unha sociedade opresiva. .

4.3.- Programa no que se enclava a intervención: Análise "Noites Abertas".

Como paso imprescindible antes de desenvolver a miña intervención cómpre facer unha análise do contexto onde este se encrava ou explicar cal será o marco que vai permitir a súa posta en practica. A través desta análise podemos observar a maneira en que esta presente a perspectiva de xénero no programa de ocio municipal e como se pode mellorar a través da intervención que vaise realizar.

- Programa

Noites Abertas é un programa de Ocio alternativo que nace no ano 1999. Concibe á persoa moza como un axente activo dentro da sociedade e polo tanto con pleno dereito a organizar o seu ocio e tempo libre, por esta mesma razón o programa concédelle a mocidade o pleno dereito a promover e impartir actividades.

Noites Abertas esta programado cara a as persoas mozas do Concello de Pontevedra que se atopen entre os 12 e os 30 anos e tratase dunha oferta gratuíta de lecer composta por actividades que teñen fins construtivos, divertidos e interactivos. Nestas actividades pódese participar tanto de forma grupal como de forma individual.

No programa procúrase sempre a promoción de valores tales como a interculturalidade, a diversidade, a saúde e o desenvolvemento persoal. A súa vez e de forma transversal tamén procurase fomentar o interese pola lingua e cultura galega, a inclusión de diferentes colectivos xuvenís e a promoción da igualdade entre mozas e mozos.

Como programa de ocio alternativo trata de ofertar un modo diferente de gozar do tempo libre no marco da fin de semana, propoñendo actividades lúdicas, innovadoras, participativas e creativas durante as noites dos venres e sábados do primeiro semestre de cada ano. Trátase dun programa que promove unha participación real e activa coa finalidade de formar unha cidadanía crítica, fomentando á súa vez o intercambio de experiencias e coñecementos entre iguais, promovendo un encontro cultural de xente moza de diferentes

idades, gustos e intereses. Como resultado de xuntar todo este tipo de factores enumerados anteriormente o que xorde é unha ampla oferta de ocio caracterizada pola súa plena diversidade.

- A igualdade en Noites Abertas

No referente á igualdade de oportunidades no ocio e tempo libre dicir que este programa integrase nos plans municipais de Condutas Aditivas e Igualdade, polo que os seus obxectivos son coherentes coas pautas establecidas neste plan e as súas accións camiñan na mesma dirección. Noites Abertas como programa municipal responde as directrices do **Plan de Igualdade** polo que inclúe como **obxectivos potenciar a igualdade de oportunidades entre rapaces e rapazas no ámbito da educación para o ocio e o tempo libre**. Por esta mesma razón na súa filosofía e na súa metodoloxía establécense medidas de **acción positiva** para fomentar a participación equilibrada entre rapaces e rapazas. Estas medidas fanse explícitas especialmente naquelas actividades na que tradicionalmente priman os estereotipos de xénero máis que as capacidades propias das persoas como pode ocorrer no fútbol (no caso masculinizado) ou nas actividades manuais e de decoración (no caso feminizado). Polo tanto nas actividades deportivas anímase á **participación feminina e mixta,** á vez que incentivase a participación de rapaces e rapazas nas actividades tradicionalmente máis "feminizadas" ou "masculinizadas" respectivamente.

Resaltar que o programa tamén responde a unha das liñas xerais do chamado *Plan Municipal de Condutas Aditivas* en relación á promoción e prevención universal. Tamén en relación a isto dicir que "Noites Abertas" busca o desenvolvemento de accións que permitan razoar, potenciar a autoestima e desenvolver habilidades sociais nas persoas asistentes, procurando unha **prevención educativa dende e para a comunidade**.

O programa tamén inclúe, medidas de acción positiva para favorecer a participación de **colectivos de mozos ou mozas con discapacidades** ou algunha necesidade específica tales como menores tutelados, persoas derivadas de programas municipais de servizos sociais e persoas con absentismo escolar. Traballa entón como recurso educativo de intervención dende o ocio.

"Noites Abertas" como programa de ocio xuvenil achega unha oferta lúdica e educativa coherente cunha **concepción do ocio dende valores positivos** como o non consumismo de substancias nocivas, a promoción da saúde e o desenvolvemento persoal do individuo, o

respecto polo medio que nos rodea, a defensa da diversidade cultural, da lingua e cultura galega, a multiculturalidade, é por suposto a **igualdade de oportunidades e a inclusión social.**

- Espazos e persoas encargadas

O programa de ocio alternativo desenvolvese no concello de Pontevedra en espazos públicos como pavillóns deportivos, colexios cedidos para o programa, equipamentos propios do Concello, etc. Destacar que este programa é levado a cabo grazas a tarefa das persoas encargadas do programa que están estruturadas nos seguintes grupos:

  - Coordinación: É o primeiro grupo de persoas e é o que leva o maior peso do programa, esta composto por un equipo pluridisciplinar de persoas da Concellaría de Xuventude que ten como labor principal a de programar, xestionar e supervisar o proxecto e apoiar na súa labor ao monitorado.
  - Equipo de control: Composto por persoal contratado especificamente cando o programa esta en marcha que ten como labor controlar os espazos onde se desenvolven as actividades velando polo cumprimento das normas.
  - Monitores e Monitoras: Imparten as actividades a as persoas participantes. Tratase do grupo obxectivo do presente proxecto.
  - Telenoites: Persoas encargadas de realizar vídeos de forma puntual nas actividades para promover o programa en futuras edicións.
  - Outros: Neste apartado citar ao persoal de practicas e persoal procedente de Erasmus+ ou Voluntariado Europeo (EVS) que axudan en distintas labores.
  -

- Metodoloxía do programa Noites Abertas

A forma de actuar responde a necesidade de que a xente nova pase a ser, na medida do posible, e sempre dunha forma supervisada a protagonista do contido do programa. Para comprender isto e necesario explicar o proceso de estruturación de "Noites Abertas":

Cada edición pon en marcha unha convocatoria pública na que se facilitan uns formularios deseñados polo persoal técnico para que as persoas mozas poidan deseñar e presentar proxectos de actividades para impartilas. As actividades que teñen cabida en "Noites Abertas" poden ser lúdicas, formativas, culturais, deportivas e de desenvolvemento persoal. O

equipo técnico nesta fase será encargado de recoller as propostas de actividades e realizar labores de apoio, asesoramento e corrección.

Na seguinte fase escóllense as actividades a realizar por un tribunal dunha maneira conforme á filosofía de Noites Abertas (actividades non sexistas, igualitarias, divertidas, culturais creativas, etc.). A programación resultante ponse en común con cada persoa, grupo ou entidade chegando así a unha configuración do calendario de actividades e pasando á fase de difusión pública do programa na nova edición. Previamente ao inicio das actividades teñen lugar unhas xornadas formativas de carácter voluntario orientadas ao persoal do monitorado coa finalidade de manter a coherencia entre os obxectivos do programa e as actitudes e metodoloxías empregadas polos e polas diferentes profesionais no desenvolvemento das actividades. O presente proxecto aproveitará estas xornadas para facer unha intervención no colectivo do monitorado para traballar o tema da igualdade de xénero coa intencionalidade de garantir un ocio igualitario e polo tanto sen discriminacións sexistas nin estereotipos de xénero.

4.4.- Persoas destinatarias da intervención.

Para facernos unha idea de onde se sitúa o proxecto dicir que municipio de Pontevedra está situado na comunidade autónoma de Galicia, Provincia de Pontevedra no noroeste peninsular. A Poboación do concello de Pontevedra e de 83.416 persoas das cales 39.739 son homes e 43.677 mulleres. Cabe destacar que é o municipio con maior peso demográfico da provincia por detrás de Vigo. A poboación moza de 12 a 30 anos persoas destinatarias de forma directa ou indirecta intervención supoñen o 18,5% da poboación composto por 15.460 persoas.



Gráfico 5.- Distribución da poboación de Pontevedra por sexos. Fonte: INE.

O presente proxecto "Escola de Igualdade" vai dirixido en primeiro plano a o monitorado do programa "Noites Abertas", que no ano pasado situouse en torno as 125 persoas (aínda que este ano prevese que o numero aumentará). Estas persoas teñen unha idade entre os 16 e 30 anos.

A presente intervención busca ir mais aló da sensibilización e formación do colectivo do monitorado, buscando ter relevancia na realidade das actividade de "Noites Abertas" e das persoas que asisten a elas.

Dunha forma indirecta, todas as persoas que asistan as actividades do monitorado formado e sensibilizado por este proxecto serán a súa vez poboación obxectivo, xa que estes incorporaran nas súas clases todo o aprendido durante esta intervención. Por esta mesma razón considero necesario tamén analizar os datos xerais de poboación moza fóronme proporcionados polo concello e son procedentes do padrón municipal de 2016, polo tanto poboación obxectivo do programa "Noites Abertas" é a seguinte:



Gráfica 6.- Distribución da xuventude de Pontevedra por idades. Fonte: INE.

Como pode observarse na gráfica anterior, a maioría da xuventude de Pontevedra está no rango de idade entre os 17 e 25 anos, o cal é perfecto para o desenvolvemento desta intervención, xa que como mencionamos anteriormente a poboación obxectivo directa do presente proxecto atopase entre 16 e 30 anos.



Gráfica 7.- Distribución da xuventude de Pontevedra por idades e sexo. Fonte: INE.

A estes datos oficiais contabilizados polo Concello de Pontevedra hai que engadir as cifras a de persoas asistentes de fora do Concello, este perfil encravase sobre todo no de persoas

de comarcas que lindan coa cidade ou que se atopan na mesma provincia e permanecen durante a fin de semana en Pontevedra. Por ultimo en relación a este tema tamén engadir a poboación universitaria procedente de outros lugares e as persoas mozas que estudan ou residen nesta localidade durante o ano e non están empadroadas.

En canto a os datos de participación cedidos polo concello de Pontevedra e máis concretamente pola Concellaría de Xuventude no programa "Noites Abertas" cabe destacar que:

- A poboación total participante no programa de 2015 foi de 2700 persoas.
- A franxa comprendida entre os 17 e os 25 anos foi a mais numerosa en canto a participación, nesta franxa atopase o 57% da participación total.
- A asistencia de poboación que atopase nas idades entre os 12 ata os 16 anos supón o 31,6% do total.
- grupo menos numeroso e o que comprende dende os 26 anos ata os 30 representando o 11,4% sobre o total.
- No ano 2015 a participación de mulleres foi inferior a de homes, as mulleres participaron un 12,6% menos que os homes sobre o total de participantes.
- Numerosas actividades ofertadas polo programa "Noites Abertas" están moi masculinizadas podemos por coma exemplo o fútbol onde a maioría de asistentes foron mozos.

4.5.- Metodoloxía

Estas actividades formativas a desenvolver no colectivo do monitorado son planificadas, desenvoltas e avaliadas con unha metodoloxía de intervención comunitaria e participativa.

Tratase neste apartado de establecer unha forma de traballo, e dicir unha liña de procedemento definida que caracterice a maneira na que vaise intervir na realidade. Teño que destacar que en cada dinámica do presente proxecto formativo levarase a cabo un procedemento especifico que se axusta de forma especializada a súa finalidade, pero en termos xerais podo establecer que traballarase a través do modelo critico e sempre dende a incorporación da perspectiva de xénero.

Na contextualización e na análise da problemática sobre as desigualdade entre homes e mulleres no ámbito do ocio quedou patente a necesidade de traballar neste ámbito dende unha **perspectiva critico transformadora da sociedade**. Estase a producir unha situación de discriminación gravísima que atenta contra o principio de igualdade e o dereito a ocio, e que so pode ser abordada dende unha perspectiva que busque a plena transformación da sociedade.

Segundo Mendoza (2000) *"A pedagoxía tradicional ou convencional é o orixe e orientación da maioría das practicas pedagóxicas occidentais na actualidade".*

"A pedagoxía critica ten unha proposta alternativa que busca provocar transformacións, consiste en un grupo de teorías para promover a conciencia critica"

Polo tanto podemos establecer que **a pedagoxía tradicional ten unha gran responsabilidade en relación a educar cara as desigualdades de xénero**. Pola outra banda atopase a pedagoxía critica encamiñada a transformar a realidade e formar persoas criticas, formar unha cidadanía participativa ten un gran papel na educación cara a igualdade.

Partindo desta base enclavarse no modelo crítico-transformador ten carácter de obrigatoriedade, pero, o presente proxecto non pode quedarse estanco neste modelo critico entendido desta maneira, se non que si o seu principal obxectivo e promover a igualdade en todos os seus aspectos ten que entender que este modelo pedagóxico ten que vir da man da perspectiva de xénero. Polo tanto para ser coherente coas finalidades do presente proxecto ao modelo critico e a súa definición e obrigatorio engadir o concepto de pedagoxía feminista:

"*Pedagoxía feminista é aquela que descansa no sentido da eliminación cultural e política da opresión de xénero, da transformación da sociedade e da liberdade e autonomía individuais e colectivas* (Ochoa 2007)

Entender a importancia de promover un modelo de intervención critico e feminista supón xa de por si un gran paso cara a igualdade. Segundo este mesmo modelo a igualdade ten que abordarse coa transmisión de valores específicos de relacións de xénero non discriminatorias a hora de intervir na realidade.

Deixando a conceptualización mais teórica da metodoloxía dicir que o presente proxecto acercarase a poboación obxectivo e dicir as monitoras e monitores de "Noites

Abertas" a través das xornadas de formación do monitorado que o mesmo programa oferta no mes de xaneiro no Pazo da Cultura. Nestas xornadas tradicionalmente o monitorado formase no ocio inclusivo coa discapacidade e no entendemento da filosofía de "Noites Abertas". Dende a aplicación do presente proxecto contara agora con unhas xornadas exclusivas de formación e sensibilización en xénero.

Nestas xornadas traballarase dende o construtivismo social que fai referencia a necesidade de entregar as persoas asistentes as ferramentas para xerar as bases que mais tarde lles permitiran construír os seus propios procedementos para resolver unha situación problemática. O proceso de ensinanza percíbese neste modelo como un proceso dinámico, participativo e interactivo orientado cara a acción**. O coñecemento é construído polo propio suxeito a través de procesos cooperativos que están en contacto coa realidade**.

Traballarase no Pazo da Cultura establecemento do Concello de Pontevedra nun aula magna que dispón de cadeiras e taboleiros. Teño que destacar que estas xornadas de formación en xénero son de carácter voluntario e están deseñadas para un máximo de 25 persoas. No ano 2015 os asistentes as xornadas voluntarias de Noites Abertas situáronse na cifra de 25 persoas polo que non foi necesario ampliar as prazas. Dicir que se nas xornadas de formación especificas en xénero hai persoas interesadas que non poden acceder por que as prazas están cubertas, estas prazas ampliaranse coa realización dunha segunda edición.

Para desenvolver estas actividades tornase clave a figura do educador ou da educadora social como profesional da pedagoxía, capaz de xerar contextos educativos e accións formativas dunha maneira lúdica e creativa, como profesional de referencia no campo socioeducativo e na conformación de suxeitos críticos e reflexivos.

4.6.- Actividades.

4.6.1.- Calendario das actividades previsto.

Este proxecto vese na obriga de levarse a cabo no mes de xaneiro xa que Noites Abertas realiza a formación do monitorado nestas datas. A intervención realizarase no mesmo contexto do programa "Noites Abertas", é dicir na fin de semana. Desenvolvérase os sábados pola maña. Debido a amplitude do proxecto, serán necesarias tres xornadas:

Xornada 1: No primeiro día da intervención, realizaranse actividades e dinámicas de carácter lúdico e diagnostico co fin de xerar confianza entre as persoas participantes e a súa vez permitir a persoa encargada da intervención facerse unha idea do punto de partida da intervención.

Xornada 2: Nesta xornada levaranse a cabo actividades de formación en igualdade e ocio, estas terán un carácter tanto xeral como específico en Noites Abertas. Será unha xornada protagonizada pola produción de coñecemento propio por parte das persoas participantes, onde reforzaranse vínculos entre as persoas participantes logrando así unha forma de traballo totalmente cooperativa.

Xornada 3: Esta xornada está dirixida a que as persoas reflexionen sobre as súas propias actitudes en canto a xénero, en que modo estas mesmas van lograr a consecución da igualdade entre homes e mulleres e de que maneira poden comprometerse co principio de igualdade.

En canto a duración das xornadas dicir que a primeira e última xornada constarán de tres horas que transcorreran dende as dez da mañá ata as dúas do mediodía do sábado, mentres que a xornada número dous vai ser unha hora máis longa, dende as nove da maña ata as dúas do mediodía. Isto é debido a que as actividades deste día teñen un maior contido formativo é a súa vez están moi entrelazadas entre elas, polo tanto deben ser abordadas nunha mesma xornada e non divididas.

É necesario destacar, que todos os dias haberá un tempo de descanso para toda a xente de como máximo unha hora e de como mínimo trinta minutos, os cales as propias persoas participantes estruturaran como queiran ao principio de cada xornada.

Por este motivo, é imposible crear un horario fixo para as actividades de cada día, aínda que establecerei unha duración aproximada por actividade en cada xornada, como pódese ver na seguinte táboa:

Calendarización das actividades				
Xornada 1 *(10 – 14 horas)*	Personaxe dun conto *(45 min)*	Zapato revolto *(30 min)*	Pretest *(15 min)*	Barómetro de Valores *(1 hora e media)*
Xornada 2 *(9 – 14 horas)*	Construíndo conceptos *(1 hora)*	Tócache Preguntar *(30 min)*	Manual de boas practicas en NNAA *(1 hora e media)*	Facendo teatro *(1 hora)*
Xornada 3 *(10 – 14 horas)*	Es protagonista *(1 hora)*	Postest *(15 min)*	Imaxinando outra sociedade *(1 hora e 45 min)*	

Táboa: Calendarización das actividades. Fonte: Elaboración propia

4.6.2.- Desenvolvemento das actividades.

Para lograr traballar a igualdade de xénero empregarei dinámicas que fagan que os e as participantes dunha forma cooperativa reflexionen sobre os conceptos ligado ao sexo, ao xénero, aos estereotipos, ao feminismo e ao patriarcado entre outros. Tratase de que as persoas participantes entendan de que maneira os estereotipos e os roles de xénero impóñense socialmente e comprendan a realidade dende a perspectiva de xénero, entendendo así as desvantaxes sociais e a exclusión social das mulleres en certos ámbitos da realidade como pode ser o ocio.

Mediante a formación especifica en xénero e coa axuda de dinámicas, xogos, debates, dramatizacións e exposición de ideas esta intervención no monitorado de Noites Abertas pretende promover a equidade de xénero contribuíndo a construción dunha sociedade mais xusta, crítica e solidaria. Estas accións buscaran xerar cambios nas actitudes das persoas que asistan, procurar que estas persoas teñan un papel activo no cambio das relacións de poder inxustas e discriminatorias entre homes e mulleres e que entendan que as desigualdades sexistas son socias e polo tanto son modificables.

A continuación procederei co desenvolvemento das actividades organizadas, seguindo a calendarización establecida con anterioridade:

- ***Xornada 1***

Neste primeiro bloque de actividades buscase construír un ambiente distendido, fomentar que as persoas coñezanse entre elas e animar a participación activa. Buscase

conseguir a implicación das persoas participantes durante todas as actividades da intervención, creando vínculos relacionais que axuden a establecer os cimentos que sustentaran as dinámicas, facéndoas desta maneira cooperativas e creando un espazo onde todas as persoas exprésense dunha maneira totalmente libre.Por outra parte esta primeira acción ten a clara finalidade de facer un diagnostico para saber de onde partimos xa que o grupo do monitorado e moi heteroxéneo.

Saber de onde parte a intervención permítenos coñecer de primeira man o nivel de concienciación que teñen as persoas sobre as problemáticas derivadas do xénero na actualidade. Tamén serve para que a persoa encargada da intervención poda facerse unha idea da formación de cada un e cada unha en xénero e as súas actitudes permitíndolle adaptar a intervención e os contidos as necesidades especificas do grupo de destinatarios.

- Actividade nº 1: Personaxe dun conto

Esta actividade para comezar é totalmente axeitada xa que serve as persoas participantes como canle para presentarse e xerar unha conciencia de grupo. Ademais ten un carácter claramente lúdico xa que traballa coa mímica.

Descrición

A persoa encargada da intervención dará a benvida a todas as persoas participantes na xornada e acto seguido as dispoñerá no medio da sala en forma de circulo. Cada persoa unha vez que se atope no circulo ten que dicir o seu nome e escoller unha personaxe dun conto tradicional, esta elección terá que ser feita dunha forma especial xa que cada un ou cada unha ten a obriga de cambiarlle o sexo a personaxe escollida. Durante a realización de esta dinámica a persoa que lle toque presentarse non poderá falar, esta persoa e despois de dicir o seu nome fará xestos característicos da personaxe escollida do conto tradicional e os demais trataran adiviñar de quen se trata.

Cando todas as persoas teñan escollido a personaxe do seu conto tradicional a persoa encargada da actividade comezara a dicir nomes ao azar dos personaxes escollidos, o grupo terá que facer un exercicio de memoria e lembrase do nome da persoa que escolleu esa

personaxe. Cando esta dinámica remate pedirase as persoas asistentes que non se esquezan da súa personaxe de conto xa que mais adiante volveran a ter que utilizala en outra dinámica.

Esta actividade non se queda no simple entretemento se non que o mais importante e que traballa rompendo estereotipos de xénero relacionados co que tradicionalmente é o rol feminino e o rol masculino promovidos en gran parte polos contos tradicionais. Os participantes identificaranse con características de personaxes de contos tradicionais ridiculizando estes estereotipos e comprendendo así o absurdo que son os roles de xénero tradicionais na conformación de personalidades na actualidade.

Exemplo:

Un monitor que se chama Manuel presentase aos demais dicindo o seu nome e saudando, el pensou en "Carapuchiño" como personaxe de conto xa que lle cambiou o sexo, acto seguido fai unha interpretación coma se fora polo bosque a visitar a súa aboa. Os demais terán que adiviñar de quen se trata. Acto seguido tocalle a seguinte persoa que se chama Ana ela pensau en "Dumba" polo que fai un xesto de como se tivera as orellas moi grandes e voase.

- Actividade nº 2: Zapato revolto.

Esta dinámica fomenta a cooperación dende un enfoque divertido e continua o camiño cara a conciencia de grupo e polo tanto de formación da cooperatividade xerando mais confianza entre o monitorado.

Descrición:

A actividade consiste en dividir as persoas en tres grandes grupos dunha forma aleatoria, todas as persoas terán que descalzarse e tirar os seus zapatos no medio da sala facendo así unha gran montaña. A persoa encargada da actividade ten que revolver todos os zapatos nesa montaña de modo que queden desparellados. A continuación pídese a os e as compoñentes dos tres grupos que vaian cara a montaña de zapatos collidos da man e en forma de circulo. Este circulo non se poderá romper, cada persoa ten que axudar aos seus compañeiros e as súas compañeiras a calzarse.

Esta actividade e moi divertida e centrase no carácter das experiencias positivas vivenciadas como creadoras de vínculos relacionais.

- Pretest e explicación da avaliación.

Chegados a este punto do desenvolvemento das actividades a persoa encargada da intervención entregara o pretest de forma individual para realizar unha primeira avaliación e saber de onde parte a intervención. Acto seguido explicarase aos participantes como vai a realizarse o vídeo do proceso. (Ver apartado avaliación)

- Actividade nº3: Barómetro de Valores.

Esta actividade comparte en certa maneira a tarefa de diagnoses do grupo co pretest pero coa peculiaridade de que esta ultima faise en grupo e a outra de forma individual. Esta tarefa esta mais enfocada cara a compartir opinións no grupo e xerar así un debate enriquecedor no que todas as persoas formen parte e aporten novas opinións construtivas ou modos de análise distintos da realidade.

Descrición:

Para comezar esta actividade trazarase unha liña no medio da aula con xiz. A persoa encargada de desenvolver a actividade emitira unha afirmación e as persoas participantes teñen que pronunciarse sobre esta afirmación poñéndose nun lado ou no outro da liña dependo de si están de acordo ou desacordo coa afirmación emitida. Comezara así un debate entre as persoas participantes moderado, guiado e enriquecido pola persoa encargada das xornadas. Destacar que esta actividade non centrase en avaliar o posicionamento inicial da persoa en canto unha afirmación, se non que o importante nesta actividade é o que as persoas aprenden de outros posicionamentos, o mais importante é os cambios que outros plantexamentos de outras persoas podan xerar no propio pensamento, e de que maneira unha persoa posicionada e flexible a cambiarse cara outra postura.

Exemplo:

As afirmacións emitidas pola persoa encargada teñen que introducir ao debate como exemplo poderán valer as seguintes formulacións:

-Os celos nas parellas son normais e todas as persoas poden sufrilos, as veces son unha mostra de amor..

-Existen deportes mais apropiados para mulleres e deportes mais apropiados para homes.

-A forma de utilizar a linguaxe na actualidade e claramente sexista.

-O feminismo e un movemento que busca lograr a igualdade.

-Os homes traballan mais fora da casa que as mulleres.

-A discriminación das mulleres esta relacionada coa violencia de xénero

- ***Xornada 2***

O bloque de actividades incluídas nesta xornada ten como obxectivo a formación do colectivo do monitorado en igualdade. Formar o monitorado e clave se queremos desenvolver unha intervención integral. Tratase de darlle ao grupo de persoas asistentes referentes teóricos, opinións, lecturas da sociedade e análises grupais que lles sirvan para analizar a realidade dunha forma mais profunda entendendo así mellor a sociedade patriarcal e os mecanismos dos que valese para xerar desigualdades.

Esta intervención ten que estar adaptada a este colectivo e ao papel que van a desempregar dentro de Noites Abertas como principais persoas encargadas de desenvolver as actividades e polo tanto como futuros garantes de que exista a igualdade de xénero dentro do programa. A intervención pasa entón por formar as persoas sobre discriminación da muller en xeral e no eido da xuventude e do ocio en especifico.

- Actividade nº1: Construíndo conceptos relacionados coa igualdade.

Nesta actividade as persoas asistentes deben ser as protagonistas de construír un coñecemento. A persoa encargada da intervención ten que ser garante de que este proceso sexa interesante, dinámico e de calidade, pudendo introducir certas puntualizacións se a conclusión chegada non e totalmente correcta ou pudendo introducir algún argumento que considere interesante para o desenvolvemento da conceptualización dun termo.

Descrición:

Dispoñerase as persoas asistentes en forma de circulo para facilitar a intervención, a continuación comezarase a falar de conceptos básicos ligados a discriminación das mulleres. Tratase de que a persoa encargada da intervención presente estes conceptos na aula pero non os explique. Cada concepto presentado debaterase en gran grupo construíndo desta maneira un coñecemento cooperativo, cada persoa terá que explicar que é o que supón o concepto presentado para el ou para ela. Cabe destacar que algúns conceptos son mais difíciles de abordar polo tanto a persoa encargada da intervención pode dar unha pequena explicación pero sempre primando o seu papel de guía e non o de protagonista. De forma alternativa estes conceptos mais complicados poden ser buscados en internet grazas aos ordenadores da aula e posteriormente pasar a unha posta en común da mesma maneira que cos outros conceptos

Exemplos de cuestións:

-Que é o sexo e que é o xénero.

-Que é o feminismo? Para que serve?

-En que diferenciase un estereotipo de xénero de outro tipo de estereotipo?

-Que é o patriarcado? Como afecta a sociedade actual?

-Que entendedes por discriminación sexista?

-Que entendedes por perspectiva de xénero?

-Que é a violencia de xénero? En que se diferenza de outro tipo de violencia?

-Que significa a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres?

-Que entendedes por empoderamento das mulleres? Por que é importante?

-Que é a acción positiva? Por que deben aplicarse estas medidas nun programa de ocio?

-Que é a linguaxe inclusiva?

-Que é o mito do amor romántico?

-Que é o sentimento de posesión?

-Que é o teito de cristal?

O final da actividade a persoa encargada repartira unha folla a cada asistente coa conceptualización teórica para xerar un enriquecemento aínda maior e reforzar a aprendizaxe. (Ver anexo 1)

- Actividade nº2: Tócache preguntar.

Moitas veces en certos debates hai xente que é mais reservada e non é capaz de formular certas cuestións ou expoñer certos argumentos por moito que se lle anime a participación. Isto pode darse por diversos motivos como por que esa persoa ten medo a falar en publico ou por que aínda que teña unha certa confianza co grupo ten vergoña de formular certas preguntas ou argumentos por medo a que este sexa rexeitado polas demais persoas. Temos que ter en conta que o xénero e un aspecto social asentado no modelo educativo, as concepcións de xénero van depender moito do entorno de onde veña cada persoa e de como foi a súa educación o longa da súa vida, as persoas asistentes por estes motivos poden ter certas preguntas ou curiosidades que non son sempre capaces de formular.

O monitorado de "Noites Abertas" é sen dubida un colectivo moi heteroxéneo e poden encontrase persoas dentro do grupo que non teñan moi traballada a cuestión da igualdade, estas persoas poden dubidar de certos conceptos que non son capaces de entender ou teñen cuestionamentos sobre a súa validez. Por estas razóns a actividade descrita a continuación ten unha plena coherencia e serve como ferramenta para abordar estas inseguridades.

Descrición:

Nesta actividade pedirase a todas as persoas que collan un bolígrafo e un papel e que formulen de forma anónima e sen compartir con ninguén unha pregunta a persoa encargada da intervención. Estas cuestións insertaranse nunha papeleira e mesturaranse. A persoa encargada da intervención sacara unha a unha as preguntas plantexadas é como profesional neste ámbito respondera estas cuestións con argumentos sólidos e dunha forma que anime a esa persoa a participar dunha forma mais activa despois.

Esta actividade é moi interesante xa que os e as participantes teñen a oportunidade de plantexar dubidas a unha persoa especializada en termos de igualdade, tratase de que aproveiten o máximo posible esta experiencia, que aclaren todas as súas dubidas ou inquedanzas. Esta actividade tamén ten un formato moi acertado para combater argumentos erróneos que intentan disfrazarse de igualitarios pero totalmente machistas e que algunhas persoas poidan ter confusos, **son os chamados neomachismos**.

Exemplo:

Exemplo de pregunta:

-Por que se fala de violencia de xénero so cara a muller? E se é a muller a cal maltrata ao home?

Exemplo de respostas:

-Esta moi ben que preguntedes isto xa que moita xente ten esta dubida (reforzo positivo da pregunta xerando confianza), tedes que entender que a violencia de xénero non se pode dar dende a muller ao home xa que non existe un sistema ideolóxico e cultural que oprima ao home, senón que so se oprime a muller. A violencia de xénero dáse do home cara a muller e ten a súa fundamentación no patriarcado, o androcentrismo, o sentimento de posesión e a idea tradicional do amor romántico. É un fenómeno social gravísimo que dase en todas as culturas e unha lacra social que chega hasta costarlle a vida a moitas mulleres. (Argumentación educativa) Alguén ten algunha dubida mais sobre esta cuestión? (Invitación o debate por si algunha persoa aínda dubida)

- Actividade nº3: Manual de boas practicas en Noites Abertas.

As actividades anteriores foron garantes dunha base homoxénea de coñecementos relacionados coa igualdade e a discriminación das mulleres da que partir. Unha vez realizadas estas actividades formativas podemos continuar cara ámbitos mais específicos centrándonos así na formación cara a igualdade na xuventude e a igualdade no ocio de estas persoas. Por esta razón esta actividade **consistira en unha formación especifica** do monitorado dunha forma novidosa. Tratarase de que as propias persoas participantes constrúan un manual de boas practicas en igualdade coa axuda da persoa encargada da intervención. Este mesmo manual mais tarde será editado e publicado coa finalidade de funcionar como guía do monitorado en xeral para ser coherentes co principio de igualdade da mellor forma posible na súa actividade.

Descrición

A persoa encargada da intervención dividira aos participantes conforme a modalidade de actividade que van a impartir en Noites Abertas tales como actividades deportivas, manuais, musicais, etc. Unha vez formados os grupos pedirase a cada grupo que realice a tarefa de redactar medidas que promocionen a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres no seu tipo de actividade en concreto. As persoas participantes terán que opinar sobre como

integrar na súa actividade recursos a prol da igualdade e facer unha reflexión coa finalidade de saber de que maneira poden axudar a equidade entre homes e mulleres na súa actividade.

A persoa docente proporcionara distintas ferramentas dende o seu perfil profesional que lle poidan servir ao monitorado a hora de xerar o manual de boas practicas no seu tipo de actividade, visitara os espazos de traballo dos distintos grupos aportando a súa visión e complementando as medidas propostas polas persoas participantes.

Unha vez rematado o proceso farase unha posta en común das medidas establecidas por parte de todos os grupos coa finalidade de que todas as persoas opinen sobre as medidas acadadas enriquecendo desta maneira mais o proceso. Acto seguido todas as persoas traballaran xuntas para redactar as medidas de carácter xeral como pode ser o uso dunha linguaxe inclusiva nas actividades entre outras.

Cando o proceso remate recolleranse as propostas e o persoal da dirección de Noites Abertas encargarase de elaborar o modelo final editado do Manual de Boas Practicas Do Monitorado en Noites Abertas e será o encargado da súa distribución e promoción na paxina web.

- Actividade nº4: Facendo teatro

Nesta actividade levarase a cabo unha interpretación teatral. A finalidade desta actividade é a de que as persoas interpreten de forma teatral unha escena da vida cotidia cambiando as características tradicionais dun personaxe, que se dean conta de que os roles e os estereotipos non poden conformar nin definir o que é unha muller ou o que é un home. A persoa encargada da intervención ten o papel de guiar a os grupos de forma individualiza pero non pode guialos en ningún momento dunha forma que lle quite o protagonismo de crear a súa propia interpretación, tratase de que esta persoa introduza conceptos ou ideas que se queren poidan engadar para enriquecer a representación. Nesta interpretación tratase de que as persoas asistentes incorporen dunha forma lúdica todo o aprendido sobre igualdade e visibilicen a muller e a o home de outra forma a tradicional removendo os roles de xénero e os estereotipos dende o seu personaxe de conto tradicional. Tratase en definitiva de utilizar de forma creativa o teatro como ferramenta para o cambio social

Descrición:

.O primeiro que temos que facer é un exercicio de quecemento dramático para que as persoas síntanse cómodas e distendidas no espazo onde vaian a representar. As persoas terán que imaxinarse que están nunha cidade en hora punta e teñen moita presa, as normas de esta dinámica e que ningún espazo da clase pode quedar baleiro e ninguén pode quedar estanco nun espazo sen moverse.

Despois deste breve quecemento comezara a dinámica como tal. As persoas participantes terán que rescatar a personaxe do conto tradicional que elixiron e poñeranse en parellas mixtas coa finalidade de cambiaranse os papeis de forma que se unha muller e por exemplo Pulgarcita e un home Carapuchiño a muller pasara a ser Caperuchiña e o home Pulgarciño. Engadir que se non hai o mesmo numero de mulleres que homes na intervención ou viceversa a persoa encargada de asignaralle un personaxe a persoa que non teña parella.

Para comezar o proceso de crear a obra formaranse grupos mixtos de 6 persoas situándose de forma separada na aula. Esta dinámica trata de que cada grupo organice unha representación teatral creativa no que trabállense os estereotipos de xénero e temas relacionados coa igualdade. As persoas participantes terán que representar, unha situación da vida cotidia como pode ser estar nunha sala de espera do dentista, na cola do supermercado, no traballo, unha conversación nun bar etc. Nesta situación darase unha conversa entre as distintas personaxes falando de un tema libre pero que inclúa unha critica a sociedade.

Exemplo de características novas das personaxes:

Un lobo feroz feminista.

Caperuchiña unha valente aventureira.

- ***Xornada 3***

Este bloque de actividades esta orientado a que as persoas asistentes fagan unha reflexión sobre as súas actitudes cara a consecución da igualdade. Tratase de que cada persoa cuestiónese en que medida esta sensibilizado coa discriminación de xénero e en que medida

pode xerar procesos igualitarios como persoa e especificamente como monitor ou como monitora nas persoas que participen na súa actividade.

- Actividade nº1: Es protagonista na igualdade.

A primeira actividade de este bloque, ten como finalidade que as persoas asistentes realicen unha tarefa de coñecemento sobre si mesmos, tratase de que se formulen as seguintes preguntas:

-Quen son eu na igualdade?

-Como podo contribuírna consecución da igualdade de xénero como persoa e como integrante do monitorado?

Plantexar estas preguntas de unha forma directa seria moi sinxelo e probablemente non se traballarían dunha forma adecuada ou non se aproveitarían toda a potencialidade das súas respostas. Esta actividade a podemos dividir en dous pasos buscando desta maneira sacar o máximo proveito desta tarefa.

1. Es mellor do que pensas.

As dinámicas de autocoñecemento están moi ben pero moitas veces dende nos mesmos non somos capaces de ver cualidades ou potencialidade propias que os demais si que son capaces de ver. Esta dinámica busca un reforzo positivo, que a persoa vexa que as demais e os demais a recoñecen como axente activo para xerar procesos coa finalidade de xerar unha sociedade mais xusta, tratase de que cada un aborde esta tarefa dende as súas potencialidades, esta dinámica busca que as persoas decátense de que todas teñen potencialidades distintas e moi diversas e estas son claves para xerar o maior numero de respostas as discriminacións.

Descrición

Nesta primeira parte da dinámica cada persoa collera un folio en branco e escribira o seu nome na parte superior e unha potencialidade súa que pódese aproveitar de cara a xerar procesos de igualdade, logo formaran un circulo. Unha vez en circulo a persoa encargada da intervención dará as instrucións da dinámica, tratase de que cada un ou cada unha pase a folla

co seu nome a quen esta a súa esquerda, quen recibe a folla terá que escribir cal cre que e a potencialidade da persoa que pon o nome a folla. Cando retorne a persoa que empezou lerá para si mesma.

2. **Asinando un contrato.**

A persoa encargada da intervención presentara unha cartolina ben grande dividida en dous apartados, nun apartado poñerá "O que podo facer na miña realidade" e na outro "O que podo facer na miña actividade". Dunha forma ordenada abordaranse estes dous apartados colectivamente, a dinámica dividirase en dúas partes.

Descrición:

Na primeira parte as persoas asistentes farán unha chuvia de ideas, nunha cartolina cada persoa individualmente poñerá as súas aportacións sobre de que maneira pode mudar a súa realidade mais cércana de cara a ser mais igualitaria entre as mulleres e os homes. Tamén farán unha reflexión de en que forma cada persoa pode impartir as súas actividades dentro de "Noites Abertas" para que non exista a discriminación e promociónense a igualdade. Unha vez feito este "Brain Storming" en gran grupo leranse todas as propostas e debateranse. Acto seguido e de unha forma colectiva seleccionaranse aquelas propostas mais e as escribiran nos apartados da cartolina presentados anteriormente. Unha vez realizado isto a persoa encargada da intervención plantexara que xa que todos e todas están de acordo con estas propostas e lles parecen interesantes as firmen como si de un contrato se tratase, comprometéndose así a levalas a cabo na realidade e que non queden so na mera proposición. Desta maneira as persoas participantes posicionaranse como axentes activos na promoción da igualdade entre homes e mulleres.

- **Postest e cuestionario:**

Chegados a este punto do desenvolvemento das actividades a persoa encargada da intervención entregara o postest e o cuestionario de forma individual para realizar unha avaliación como se pode ver no apartado 4.7 Avaliación.

- Actividade nº 2: Imaxina outra sociedade

Esta actividade finalizara a intervención. Valéndose do ilusionismo social esta actividade ten coma primeira finalidade que as persoas asistentes fagan transcender o aprendido o longo da intervención e poñan de manifesto de forma colectiva as reflexións que realizaron durante todo o proceso.

Descrición:

Tratase de que cada persoa colla unha folla e escriba como imaxina unha sociedade igualitaria, que vantaxes pode traer esta para ela ou el e que escriba como se pode acadar este tipo de sociedade. Todas estas propostas colgaranse na parede do edificio onde o programa "Noites Abertas" desenvolve maior numero de actividades baixo o titulo de "A Sociedade que Queremos Construír". O mural non se limitara a estar colocado durante un dia senón que estará colocado durante toda a duración de "Noites Abertas", toda persoa que o vexa poderá participar aportando a súa reflexión, de esta maneira esta actividade non so se quedara nun acto de colgar os desexos das persoas que asistiron as actividades senón que ten como finalidade a reflexión colectiva e fomentando o debate publico sobre a igualdade.

4.7.- Avaliación.

Establecer un modelo de avaliación é clave para saber en que medida a intervención modificou os coñecementos, as actitudes e o compromiso das persoas cara a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres.

Esta avaliación esta composta por un pretest e un postest nas persoas asistentes, un test de impacto no grupo de control e no grupo experimental e a posibilidade sempre que as persoas participantes queiran de realizar un vídeo avaliativo durante todo o proceso.

Mediante a avaliación por cuestionarios e dicir o pretest-postest e a comparación do grupo control co grupo experimental, explóranse diversas variables condutuais e cognitivas relacionadas coa igualdade de oportunidades entre homes e mulleres. Estas están relacionadas con consideracións de condutas discriminatorias ou non, con aceptación de condutas sociais en torno a os dous sexos, consideración de actividades propias para determinados sexos e formas de actuar ante diferentes situacións descritas.

- Pretest-Postest

O pretest tratase dunha preavaliación, dunha folla que se lle entregara as persoas participantes con cuestión referentes a discriminación das mulleres na sociedade, nesta folla apareceran numerosas cuestións con varias respostas. Este test tamén servira a persoa encargada para facerse unha idea de onde parte a intervención neste grupo tan heteroxéneo e cales son as problemáticas que necesitan maior focalización, facendo así flexible a intervención e podéndose amoldar as necesidades que mais se poñen de manifesto. Este instrumento de avaliación poñerase en contraste o fin da intervención pasando o mesmo cuestionario (postest) para saber en que medida a intervención logrou os seus obxectivos mediante a comparación de as respostas.

- Grupo control e grupo experimental.

Como xa establecín anteriormente o grupo que participara nesta intervención o fará dunha forma totalmente voluntaria, isto significa que polo tanto haberá unha certa cantidade de persoas do monitorado de "Noites Abertas" que non asista, xa que son libres para facelo ou non. Isto é ideal a hora de avaliar o impacto da intervención, xa que existiran dous grupos ben diferenciados chamados grupo control e o grupo experimental que os cales explicarei a continuación. O grupo control é o grupo no que non se produce a intervención, e esta conformado polo monitorado de "Noites Abertas" que de forma voluntaria non quixo participar nas actividades. Este grupo é moi útil xa que permítenos comparalo co grupo que experimenta a intervención e dicir o grupo experimental para analizar as diferenzas en canto a coñecemento, actitudes e análises da realidade no ámbito da igualdade. Aos dous grupos para avalialos lle pasaremos o modelo de postest realizado anteriormente, este modelo permitiranos saber en que medida a intervención tivo efecto sobre o grupo experimental ao comparar os resultados entre os dous grupos.

- Vídeo durante o proceso.

Un dos grandes propósitos da avaliación e mellorar a intervención cara o futuro. Ter en conta as opinións das persoas asistentes sobre a experiencia que se vivenciou tornase unha canle interesante para conseguir este propósito. Moitas veces cando intervimos con un grupo de persoas obviamos certas necesidades que teñen porque non conseguimos detectalas ou non

conseguimos cubrilas dunha forma adecuada. Nesta forma de avaliación innovadora tratase de que as persoas asistentes teñan voz durante o proceso, expresando así de que maneira mellorarían as dinámicas, como funcionaron as persoas nelas, se estas foron adecuadas para abordar a problemática, etc..

Para lograr este obxectivo o presente proxecto valerase dunha ferramenta que esta a funcionar actualmente en "Noites Abertas" chamada "Telenoites". A tarefa de Telenoites durante as pasadas edicións foi a de gravar en vídeo as actividades de "Noites Abertas" para posteriormente colgalas en internet coa finalidade de promocionalas. Propoñerase entón as persoas asistentes ao principio da intervención a posibilidade de realizar un vídeo do proceso no que queden gravadas as dinámicas de forma puntual e no que cada un se exprese dunha forma libre sobre a intervención.

5.- Conclusións

Para comezar esta apartado e tras o análise da realidade realizado ao comezo deste traballo, quero destacar a influencia das políticas e normativas procedentes da Comunidade Europea en igualdade e que tiveron un gran impacto na realidade Española e na Galega. Estas políticas e normativas contribuíron a fomentar a igualdade de mulleres e homes así como a modernizar a loita contra a desigualdade con conceptos de análise modernos como o mainstreaming. A pesar destes avances resultaría inxenuo pensar que o amparo lexislativo que se brinda dende os poderes públicos elimina por si mesmo todas as barreiras que impiden a igualdade e a liberdade plena das mulleres. A dia de hoxe a igualdade legal non se reflexa na vida, no dia a dia das mulleres de este pais, na actualidade vivimos sociedade onde as actitudes discriminatorias están moi presentes e manifféstanse dunha forma moi diversa orixinando violencia contra as mulleres e oprimíndoas.

Tamén quero destacar que o ocio foi un espazo amplamente androcentrico, bastaria con botar unha ollada cara os modelos de ocio mais tradicionais que se desenvolveron ao longo de moitos anos e aínda teñen unha gran influencia na actualidade para decatarnos desta realidade. En relación a esta temática hai que subliñar que o feminismo leva realizado un proceso de critica, corrección, integración e transformación gradual no campo do ocio e do tempo libre, é que a dia de hoxe este proceso segue en marcha.

Dende o meu punto de vista as novas correntes de ocio convertéronse nunha ferramenta clave na consecución das liberdades das persoas, xa que a través de propostas de ocio interesantes ao mesmo tempo que formativas e educativas pódese promover un cambio social

igualitario. As propostas de ocio, as políticas de ocio, as investigacións de ocio e formación de profesionais que traballaran no ocio polo tanto teñen a obrigación revisar de que maneira vaise intervir no tempo libre das persoas, de que maneira vaise investigar ou lexislar neste campo, que propostas son coherentes coas liberdades das persoas e coa democracia e de que maneira se pode promover un cambio social dende este area transformando así o ocio nunha ferramenta clave na consecución das liberdades das persoas e polo tanto a consecución do estado democrático.

Coa posta en marcha desta intervención e utilizando o ocio como ferramenta cara o cambio social lograrase dar un gran paso, continuar un camiño cara a igualdade entre homes e mulleres, tanto no propio programa de ocio como na sociedade en xeral. Noites Abertas pasaría coa incorporación desta intervención a ser un programa de ocio alternativo pioneiro en España na formación dos seus monitores en igualdade. Pasaría a ser un programa mais coherente coa súa filosofía, co principio do ocio como dereito das persoas e coa idea de construír unha sociedade mais equilibrada, mais educativa e mais xusta con todas as persoas.

Para rematar este apartado de conclusións gustariame deixar patente que o cambio social cara unha sociedade mais igualitaria que é o horizonte que persegue este traballo, non vai saír de institucións dominadas por políticas ou gobernos pouco interesados na consecución da igualdade entre homes e mulleres. O papel da cidadanía presentase clave, cidadanía entendida non só como as persoas que viven nun mesmo lugar senón como ese conxunto de persoas que teñen un papel activo na sociedade na que viven, persoas ligadas ao exercicio dos seus dereitos e as súas obrigacións que buscan o pleno desenvolvemento da súa comunidade. A cidadanía ten que velar entón por que as políticas, leis e estratexias cúmpranse e non queden no limbo, teñen que crear debates sociais capaces de xerar unha sensibilización que deixen paso a políticas ou estratexias mais eficaces que as anteriores e reflictan na calidade de vida de todas as persoas, teñen que loitar polo fortalecemento da sociedade civil chegando ao pluralismo cultural, ao reparto do poder, a alcanzar a plena igualdade entre os compoñentes da sociedade.

6.-Bibliografía

Citas

Velasco, M. P. (2007). Violencia simbolica, lenguaje y Representación. *Universidad de Valencia* .

ONU. (1997). Concilio economico y social.

CSD (2009). *Manifesto pola igualdade e a participación da muller no deporte.*

Freire. (1972). *Pedagoxia do oprimido.*

Artiaga, J. F. (1997).

Cobo, R (2005). El género en las ciencias sociales

Cuenca, M. C.(2009) Perspectivas actuales de la pedagogía del ocio y el tiempo libre.

Libros, artículos, plans e informes

Cabeza,MC. (2003). El ocio como experiencia de desarrollo humano, un reto para el siglo XXI.

Sastre, J. B. (2002). *Políticas de juventud y nueva condición juvenil.*

Caride,J. M (2009). Jovenes Politicas de Juventud y educación social

Grande, J. M. (2009). *Principales retos políticos de la juventud.*

MEC.(2008) *Informe de la juventud.*

INE. (2014). *Mujeres y Hombres en España.*

Cuenca, M. C. (2008). *Dimensiones y manifestaciones del ocio actual.*

Cuenca, M. C. (2009). *La pedagogía del ocio nuevos desafíos.*

Deusto, U. d. (2002). Mujeres y Ocio.

Berger, Luckmann(1967) A construcción social da realidade

Internet

Instituto Nacional de Estadística - www.ine.es

Instituto Nacional da Xuventude (INJUVE) - www.injuve.es

Ministerio da Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade - www.msssi.gob.es/

Otros

Animación sociocultural. 2º Grao en Educación Social (Universidade de A Coruña)

Xénero, igualdade e educación. 1º Grao en Educación Social (Universidade de A Coruña)

Métodos de avalación de programas e servizos socioeducativos. 3º Grao en Educación Social (Universidade de A Coruña)

Recursos e estratexias para a intervención no tempo libre. 3º Grao en Educación Social (Universidade de A Coruña)

Antropoloxía da educación. 3º Grao en Educación Social (Universidade de A Coruña)

Educaçao pelo movimento. (Universidade Paula Frassinetti)

Anexos

Anexo 1: Glosario de términos.

A linguaxe teórica permítenos definir unha realidade dunha forma mais concreta, esta linguaxe é moi útil xa que dótanos da capacidade de darlle un nome a aspectos da realidade que a vista dos ollos pasarían desapercibidos, ningunha realidade pódese afrontar sen unha adecuada conceptualización.

Xénero

Pódese definir xénero como un conxunto de disposicións polas cales unha sociedade transforma a sexualidade biolóxica en produtos humanos (Rosa Cobo). É unha construción social, un parámetro científico, unha das principais categorías de análise do pensamento feminista que pon de manifesto as profundas desigualdades entre homes e mulleres. Designa unha realidade cultural e política asentada sobre o sexo dunha forma inxusta na que se asignan determinados roles sociais, actitudes e aptitudes ben diferenciadas entre as mulleres e os homes. É un concepto dinámico e cambiante dependendo da época social na que nos atopamos que pon de manifesto a subordinación das mulleres o sistema patriarcal, explica as causas desta subordinación e elabora accións políticas orientadas a desactivar os mecanismos desta discriminación.

Feminismo

Conxunto de correntes de pensamento, teorías sociais e prácticas políticas que posicionanse en aberta critica das relacións sociais históricas e presentes. Estas teorías realizan unha critica a desigualdade social entre mulleres e homes, cuestionando as relacións entre sexos, sexualidade, poder social, político e económico. *Pódese definir o termo feminismo coma un impulso renovador das democracias* (Victoria Camps), coma *movemento político critico pola exclusión en base ó sexo demandando un trato igualitario entre homes e mulleres* (Amelia Varcárcel) coma o *movemento social que máis ensanchou os dereitos civís políticos e sociais cuestionando os paradigmas establecidos polo patriarcado.* (Rosa Cobo).

Polo tanto adoptar unha perspectiva feminista cara a análise da realidade leva da súa man comprometerse a dar unha resposta as desigualdades. Significase comprometerse cara a garantir unha igualdade de oportunidades e resultados entre os homes e as mulleres, significa posicionarse ante unha sociedade opresiva, ante as situacións inxustas no ámbito do social. Como síntese destacar que o feminismo é un movemento que ten por obxecto acadar unha

sociedade distinta da patriarcal, serve para denunciar as diferenzas que existen en función do sexo, para reivindicar que se cumpran os mesmos dereitos e acadar a igualdade entre homes e mulleres.

Patriarcado

O patriarcado é un sistema de organización histórico e social no que os postos clave de poder da sociedade atópanse dunha forma xeneralizada en mans dos homes, é un sistema que asigna espazos e distribúe recursos dunha forma desigual e en función do sexo das persoas.
Centrase na visión androcéntrica do mundo a mesma vision que todas as sociedades tiveron ao longo da historia, actúa como principio xerarquizador e aínda hoxe invade múltiples espazos tales coma políticos, sociais económicos linguisticos, etc.

Acción Positiva

Estratexias destinada a establecer a igualdade de oportunidades por medio de medidas que permitan contrastar ou corrixir aquelas discriminacións que son o resultado de practicas ou sistemas sociais.

Igualdade de oportunidades entre mulleres e homes:

Tratase de aplicar o principio de igualdade e refírese a necesidade de corrixir as desigualdades existentes entre homes e mulleres na nosa sociedade. Constitúe a garantía de ausencia de calquera barreira discriminatoria de natureza sexista. Supón acadar a equidade de xénero.

Empoderamento:

É o proceso polo que as mulleres incrementan a súa capacidade de configurar as súas propias vidas e a súa entorna, supón unha evolución na concienciación da muller sobre si mesmas, no seu status, e na súa eficacia na interacción social (Margaret Schuler.)

Estereotipo de Xénero:

Denominamos estereotipos de xénero a todas aquelas xeneralizacións non científicas que asignan hábitos, costumes, destrezas e expectativas en función do sexo. Estas mesmas xeneralizacións a súa vez reforzan a desigualdade de xénero e teñen como orixe ideas preconcibidas que se atopan nas raíces do patriarcado. Trátanse entón dunha xeneralización non científica que establece unha diferenza entre o "masculino" e o "feminino", dun produto baseado na concepción biolóxica, do principal mecanismo que emprega a educación sexista e da principal base da ciencia androcéntrica. Estes estereotipos favorecen os roles tradicionais das mulleres como poden ser o coidado da familia e a realización das tarefas do fogar limitando.

Violencia de Xénero:

Tratase dunha violencia que afecta as mulleres polo mero feito de selo e supón un gravísimo atentado contra a integridade, dignidade e liberdade das mulleres. A violencia de xénero pódese manifestar de forma verbal, psicolóxica, física ou sexual é se exerce contra unha persoa por razón do seu sexo, xénero ou identidade sexual.

Esta expresión de violencia esta baseada nunha situación de desigualdade e nun marco no que existe unha relación de dominación dos homes sobre as mulleres. A violencia de xénero é a manifestación máis brutal das desigualdades entre homes e mulleres, é un problema que traspasa fronteiras, que está presente na maior parte dos países do mundo coa particularidade de que as vivencias do maltrato son enormemente parecidas en todos os lugares e culturas. (Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero).

"A violencia de xénero é unha manifestación de relaciones de poder, polo tanto non tratase so dunha violencia física, senón que é un fenómeno bastante mais complexo que ten que ver coas relacións de poder desiguais, históricas e culturalmente establecidas entre homes e mulleres". (Velasco 2007)

Despois de facer esta aproximación terminolóxica a termos claves para entender a discriminación das mulleres compre facer o mesmo exercicio de definición con termos relacionados coa xuventude, a súa educación e o seu ocio e tempo libre.

Xuventude

Cando nos referimos a xuventude falamos de un colectivo que comprende, en termos xerais a etapa que vai dende o final da infancia ata o principio da vida adulta. A Unión Europea

entenden por colectivo mozo as persoas que teñen unha idade comprendida entre os 15 e os 29 anos. Referíndose exclusivamente a este período de idade. Compre salientar que se falamos de prevención e educación en valores centrarémonos na necesidade de actuar a partir dos 12 anos e se temos en conta o termo de emancipación familiar como fin da xuventude temos que ter en conta que en España a xuventude chegaría ata os 35 anos. Para o programa "Noites Abertas" a xuventude situase entre os 12 e os 30 anos.

Acción socieducativa.

Entendemos a acción socieducativa como ferramenta que leva as persoas ou colectivos cara a inclusión nas diferentes esferas da vida. Coma o conxunto de estratexias e actividades que se desenvolven cunha finalidade totalmente educativa levando así implícita a intervención no ámbito social para transformar a realidade do colectivo co que traballamos. Temos que entender tamén a exclusión social coma referencia aos obstáculos que atopan determinadas persoas para participar plenamente na vida social, como proceso que limita o aceso a determinados bens e oportunidades como pode ser ocio eixe central no que xira o presente traballo. Por ultimo destacar o papel do xénero na exclusión social. Non se pode falar de exclusión social dunha maneira uniforme xa que as relacións de xénero afectan dunha forma determinada a os procesos nos que homes e mulleres participan xa sexan políticos, económicos ou sociais. Temos que entender entón que **as mulleres e os homes enfróntanse a exclusión social dunha maneira ben diferenciada** debido ao seu rol asignado ao seu sexo pola sociedade, por esta mesma razón tornase imprescindíbel incorporar a perspectiva de xénero como elemento clave para comprender e analizar a realidade e conseguir transformala en toda intervención.

Coeducación:

Proceso intencionado, e polo tanto consciente, de intervención educativa que busca dende un principio o desenvolvemento integral das persoas independentemente do sexo ao que pertenzan. A coeducación en un proceso que busca loitar contra as limitacións das capacidades baseadas no xénero social que o patriarcado xera dunha forma inxusta corrixindo así novos desaxustes que estanse a producir e que son orixinados pola convivencia de modelos de xénero anacrónicos cos outros máis igualitarios. A coeducación revisa aprendizaxes básicos da vida e

busca eliminar calquera arquetipo de xénero traballando a prol da igualdade, da independencia e da autosuficiencia e modificando a súa vez as pautas sexistas. Podemos sintetizar dicindo que a coeducación traballa corrixindo calquera practica educadora sexista e transmisora de valores, normas e principio ligados ó patriarcado.

Plan de acción dirixido a xuventude

Tratase dunha ferramenta de planificación estratéxica, que permite definir dunha forma clara os obxectivos e alinear as accións, os recursos dos diferentes axentes de xuventude nun determinado territorio e espazo de tempo. Teñen coma finalidade ofertar respostas as necesidades das persoas mozas, diríxense a todas as persoas mozas e atenden a todas as temáticas que lles afectan a través do coñecemento da realidade e de a capacidade de comunicación con elas e eles. Tratase entón de xerar procesos participativos, de ofrecer respostas adaptadas as necesidades das persoas destinatarias e de fomentar a participación activa en todo o proceso, por, para e a través da xuventude.

Programa de ocio participativo de fin de semana:

Conxunto de accións e actividades que con obxectivos preventivos, educativos e saudables, realizase de forma estable e coordinada no tempo libre dos fines de semana. Estas actividades son planificadas, desenvoltas e avaliadas con unha metodoloxía de intervención comunitaria. Implica procesos de participación nos que a mocidade é a protagonista de certa maneira na toma de decisións e no modo de organización do seu tempo de ocio de forma conxunta coa administración e as entidades xuvenís e sociais implicadas. Noites Abertas tratase dun claro exemplo.

Pedagoxía do Ocio

A Pedagoxía do Ocio é unha parte especifica da pedagoxía en xeral que ten como obxectivo contribuír ao desenvolvemento, mellorar a experiencia vital das persoas e das comunidades a través de coñecementos, actitudes, valores e habilidades relacionadas co ocio. Esta disciplina nace da concepción de que as persoas son plenamente educables no seu tempo libre. Entendese o **ocio como dereito humano básico** que favorece el desenvolvemento, como a educación, o traballo o a saúde e do que **ninguén debería ser privado por razóns de xénero, orientación sexual, idade ou discapacidade.** Tradicionalmente o ocio foi considerado un aspecto residual da vida, unha parte pouco significativa e secundaria. Na actualidade considerase unha vivencia

que ten que ser experimentada por todas as persoas. Destacar que: *A formación en temas de ocio significa a preparación e a formación das persoas para vivir e gozar do seu tempo libre, establecendo unha relación entre a formación do individuo e a da comunidade.* (Cuenca Cabeza).

Cidade educadora

É un modelo de accións educativas comunitarias que ten como obxectivo responder as demandas sociais relacionadas coa equidade e equiparación de oportunidades. A cidade educadora é un movemento que pretende combater as desigualdades, conseguir unha cidade sostible e fomentar a cohesión social. Estes obxectivos pódense cumprir sempre e cando se leven a cabo estratexias de desenvolvemento local, de dinamización sociocultural, de igualdade, de solidaridade, de promoción de emprego, etc.

O modelo de cidade de Pontevedra esta inspirado na obra do psicopedagogo Francesco Tonucci *"A cidade dos nenos"* (Barcelona 1991), Tonucci nesta obra propón solucións a degradación das cidades na actualidade dende a perspectiva dos nenos e das nenas, loitando contra a primacía dos vehículos nas rúas e devolvendo estes espazos a cidadanía, fomentando a mobilidade autónoma dos nenos e das nenas pola cidade, xerando zonas verdes e espazos públicos onde gozar do tempo libre dunha forma igualitaria e fomentando así a plena cohesión da sociedade.

Anexo 2: Pretest

FORMACIÓN PARA O MONITORADO DE NOITES ABERTAS
Pazo da Cultura, xaneiro de 2016

PRETEST PARA PERSOAS PARTICIPANTES NA FORMACIÓN

Nome	
Actividade en NNAA 2015	

1. Tes experiencia en Noites Abertas (marca cun X):

Monitor/a	
Voluntario/a	
Participante	
Non teño experiencia	

Dos seguintes plantexamentos escolle a opción que che pareza mais axeitada:

2. É necesario loitar pola igualdade?
   - ☐ Non é necesario xa que mulleres e homes xa vivimos dunha forma bastante igualitaria na actualidade, alcanzar a igualdade total é unha utopía.
   - ☐ Non vivimos dunha forma igualitaria, as mulleres por esta razón terán que facer un gran esforzo para lograr a igualdade.
   - ☐ As mulleres e os homes temos que empregar a loita feminista para alcanzar a plena igualdade.

3. A sociedade actual:
   - ☐ Emprega a desigualdade contra as mulleres pero a súa vez as dota de certos privilexios polo tanto na actualidade existe unha clara igualdade cos homes.
   - ☐ Emprega a desigualdade contra certas mulleres dependendo de factores como o seu grado de estudos, a súa posición económica ou a súa posición social.
   - ☐ Emprega a desigualdade contra todas as mulleres.

4.A linguaxe empregada pola maioría das persoas:
   - ☐ Representa igual a os homes que as mulleres.
   - ☐ É un pouco sexista, pero a linguaxe non sexista é moitas veces redundante por esta razón non a emprego nas miñas actividades.
   - ☐ É claramente sexista e axuda ao patriarcado na tarefa de invisibilizar a muller e por consecuencia a discrimina.

5.Como Monitor ou Monitora de Noites Abertas:

- Vou limitarme a realizar a miña actividade, penso que dentro deste programa de ocio non existe a desigualdade entre homes e mulleres xa que os dous sexos participan dunha forma igualitaria.
- Gustaríame promover a igualdade pero non podo xa que non teño a formación necesaria, penso que isto depende de persoas con maiores coñecementos.
- Vou promover a igualdade na miña actividade e se fora necesario incorporarei medidas que faciliten a participación igualitaria dende o meu propio criterio.

4. Tes algunha formación específica na igualdade? En caso afirmativo, descríbea:

5. Motivación para asistir voluntariamente:

Anexo 3: Cuestionario avaliativo e Postest.

FORMACIÓN PARA MONITORADO DE NOITES ABERTAS

Pazo da Cultura, de xaneiro de 2016

CUESTIONARIO POST PARA ASISTENTES AO CURSO DE FORMACIÓN

Nome	
Actividade en NNAA 2015	

1. Pareceuche útil a formación recibida durante este curso? explicar por que:

2. Tes agora unha maior disposición a formarte cara a igualdade?

3. Que outras propostas farías á Coordinación de Noites Abertas para mellorar a vosa intervención como monitorado no programa?

4. Mellorou o teu coñecemento sobre o programa Noites Abertas con esta xornada?

5. Valora os seguintes aspectos:

Elemento a Avaliar	A destacar	A mellorar
Estrutura da Xornada		
Intervencións		
Duración Data Horario		
Espazo		

MONITORADO DE NOITES ABERTAS

Xaneiro de 2016

TEST PARA PARTICIPANTES(POSTEST) E NON PARTICIPANTES

Nome	
Actividade en NNAA 2015	

Dos seguintes plantexamentos escolle a opción que che pareza mais axeitada:

1. É necesario loitar pola igualdade?
   - ☐ Non é necesario xa que mulleres e homes xa vivimos dunha forma bastante igualitaria na actualidade, alcanzar a igualdade total é unha utopía.
   - ☐ Non vivimos dunha forma igualitaria, as mulleres por esta razón terán que facer un gran esforzo para lograr a igualdade.
   - ☐ As mulleres e os homes temos que empregar a loita feminista para alcanzar a plena igualdade.

2. A sociedade actual:
   - ☐ Emprega a desigualdade contra as mulleres pero a súa vez as dota de certos privilexios polo tanto na actualidade existe unha clara igualdade cos homes.
   - ☐ Emprega a desigualdade contra certas mulleres dependendo de factores como o seu grado de estudos, a súa posición económica ou a súa posición social.
   - ☐ Emprega a desigualdade contra todas as mulleres.

3.A linguaxe empregada pola maioría das persoas:
   - ☐ Representa igual a os homes que as mulleres.
   - ☐ É un pouco sexista, pero a linguaxe non sexista é moitas veces redundante por esta razón non a emprego nas miñas actividades.
   - ☐ É claramente sexista e axuda ao patriarcado na tarefa de invisibilizar a muller e por consecuencia a discrimina.

4.Como Monitor ou Monitora de Noites Abertas:
   - ☐ Vou limitarme a realizar a miña actividade, penso que dentro deste programa de ocio non existe a desigualdade entre homes e mulleres xa que os dous sexos participan dunha forma igualitaria.
   - ☐ Gustaríame promover a igualdade pero non podo xa que non teño a formación necesaria, penso que isto depende de persoas con maiores coñecementos.
   - ☐ Vou promover a igualdade na miña actividade e se fora necesario incorporarei medidas que faciliten a participación igualitaria dende o meu propio criterio.